

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 31 de marzo de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día trinta e un de marzo do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente a Sra Viceinterventora, Dna. Susana Escaloni Varela.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32496.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de marzo de 2023.

2.32497.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA O PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2023/2024 NO MARCO DO PROGRAMA PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE (Expte.2023017685)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 26 de novembro de 2021 aprobou o programa denominado Plan de fomento da empregabilidade da Deputación de Pontevedra (acordo nº 28.31031), en liña cos obxectivos do compoñente 23 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR), e está composto, entre outros, polo proxecto “*Primeira experiencia profesional*” nos concellos da provincia de Pontevedra.

A Deputación de Pontevedra, no uso das competencias e atribucións que ten asignadas pola vixente LRBRL, e seguindo o establecido no Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España e dando cumprimento ao mandato contido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, elabora as bases reguladoras, en réxime de concorrência non competitiva, para o proxecto “*Primeira experiencia profesional*” nos concellos da provincia de Pontevedra 2023/2024 no marco do citado programa.



O 14 de marzo de 2023 o Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local emite informe sobre a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións e na mesma data emítese informe xurídico sobre as bases reguladoras das subvencións e a súa convocatoria.

O 23 de abril de 2023, Intervención informa favorablemente as bases reguladoras das subvencións e certifica a existencia de crédito para o ano 2023 por importe de 1.170.400,00 euros na aplicación 23/240.2410.489.00, a cuxo efecto expide documento de retención de crédito núm. 2023017685.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.
- Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Consta no expediente informe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local no que se indica a necesidade de aprobar as bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o proxecto “*Primeira experiencia profesional*” nos concellos da provincia de Pontevedra 2023/2024 no marco do Programa “*Plan de fomento da empregabilidade*”, así como informe xurídico e de Intervención no que se sinala que as bases son correctas xuridicamente e que existe crédito suficiente para a anualidade 2023, por importe de 1.170.400,00 euros, na aplicación 23/240.2410.489.00.

As bases reguladoras conteñen os extremos aos que se refire o artigo 17 da LXS.

O artigo 23 da LXS establece que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido na propia Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16^a das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.



En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar e publicar as bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o proxecto “*Primeira experiencia profesional*” nos concellos da provincia de Pontevedra 2023/2024 no marco do Programa “*Plan de fomento da empregabilidade*” que figuran no expediente co Código seguro de verificación (CSV): HFI3KD02BTXBG1C3.

3.32498.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O “FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES AO ABEIRO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA NO ÁMBITO DO TURISMO DEPORTIVO SOSTIBLE (COMPOÑENTE 26, INVESTIMENTO 2)”. (Expte.2023021384)

Dáse conta das Bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria de axudas do Consello Superior de Deporte ao fomento do turismo deportivo sostible financiadas con fondos Next Generation UE, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Compoñente 26, Investimento 2) para o ano 2023, que xurde como instrumento de asistencia no marco das competencias que ten atribuídas por lei (especificamente art. 36.1.b): a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión) para que, os concellos que desexen participar na convocatoria de axudas do Consello Superior de Deporte ao fomento do turismo deportivo sostible, dispoñan de financiamento para afrontar os traballos de preparación da documentación necesaria para presentar solicitudes de subvención de proxectos de interese municipal na convocatoria antedita.

Estas bases e a súa convocatoria rexerán a concesión das subvencións para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria do Consello Superior de Deporte ao fomento do turismo deportivo sostible, cuxo financiamento se realiza con fondos propios da Deputación, e que, de conformidade co establecido na D.A. Oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, constituirán a normativa específica destas axuda. As bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrencia non competitiva, dotan de seguridade xurídica ó procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que deber presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Serán obxecto da subvención os gastos, realizados desde o 1 de febreiro de 2020, derivados das asistencias técnicas que se contraten para preparar a documentación necesaria para a presentación de solicitudes de subvención, así como, no seu caso, a redacción e/ou adaptación dos proxectos de investimento, que se poidan acoller á primeira convocatoria de axudas do Consello Superior de Deporte ao fomento do turismo



deportivo sostible financiadas con fondos Next Generation UE, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Compoñente 26, Investimento 2) para o ano 2023 e á que se poidan presentar as entidades locais. En concreto, poderán ser obxecto das axudas todos aqueles gastos derivados das asistencias técnicas externas que se contraten para a preparación da documentación de solicitude de subvención necesaria e a súa presentación á convocatoria correspondente, incluídos os derivados dos traballos de redacción dos proxectos e/ou calquera outros documentos técnicos que se precisen como por exemplo os plan de uso das instalacións e/ou espazos deportivos sobre os que se pretende actuar.

De conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da LRBRL, o artigo 17.3 da OXSDEPO e a base 16ª.2 das de execución do orzamento provincial, o órgano competente para a aprobación destas bases reguladoras e a súa convocatoria é a Xunta de Goberno provincial.

Vista toda a documentación relativa ó citado plan que obra no expediente; vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación (CSV QWO3UFXCYKIIARDG), da Secretaria Xeral (CSV GFENX8WQ01IT5GDJ) e da Intervención Provincial (CSV 7ROLZISE4S4DSI4E), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar as Bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (Compoñente 26, Investimento 2), cun orzamento de douscentos noventa e cinco mil euros (295.000,00€) financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2023, imputables contra a aplicación orzamentaria 2023/942.3410.762.99 quedando condicionadas á aprobación do expediente de crédito extraordinario para dotación do financiamento correspondente.

O texto das bases reguladoras figura co CSV QJF5KGKEG3YKIXZ4.

2º.- Publicar estas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

4.32499.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA O “DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN, SAÚDE, DEPORTE E PROMOCIÓN ECONÓMICA NA CIDADE DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2023018130)

ANTECEDENTES

No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Pontevedra* desexan establecer as pautas de colaboración para o desenvolvemento de diversas actividades no ámbito da educación, a saúde, o deporte e a promoción económica da cidade de Pontevedra.



Para dar cumprimento ao obxectivo referido no parágrafo anterior, en data 09/03/2023 o *Concello de Pontevedra* presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2023005206) unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización dun convenio de colaboración entre as dúas administracións para o desenvolvemento de tres actividades:

- IV Feira da saúde e benestar. Pontesan
- Pontenciencia. X Feira da miniciencia
- Programa gastronómico mestizaxes.

O custo das actividades ascende segundo o orzamento a 180.385,04 euros, IVE incluído, e financiarase cunha achega da Deputación de 160.385,04 euros e coa axuda de 20.000,00 euros da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación, para o desenvolvemento parcial da actividade Pontenciencia.

Revisada polo Servizo de Cooperación a documentación achegada, esta cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.

Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 14/03/2023 (CSV: 6WTMQ888535VJFLB); o informe de Secretaría de 15/03/2023 (CSV: J2ESDAYMCO9CNROU); o informe da xefa do Servizo de Cooperación sobre o interese público da actuación de 16/03/2023 (CSV: 1DCL7IDBNMF'TVV4Y) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 20/03/2023 (CSV: R4V96NYOUPSLZ5OW).

Así mesmo, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 24/03/2023 (CSV: 4RQC4DH3KJCL5WWZ).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio vixente.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016 (OXS).

Consideracións xurídicas

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio:

- Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigo 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.



- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.

Competencia das administracións:

- Artigo 25.2 da LRBRL, en concordancia co artigo 80 da LALGA, que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de actividades e instalacións culturais, a ocupación do tempo libre, e en xeral infraestruturas e equipamentos da súa titularidade.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Competencia para resolver:

- Artigo 8.2 da OXS, que en virtude do establecido na base 16.2 das Bases de execución do orzamento provincial, e de conformidade co disposto nos artigos 35 da LRBRL e 10 da LXS, atribúe a competencia para resolver á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, a Deputación e o *Concello de Pontevedra* conveñen a súa colaboración neste ámbito, para desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o desenvolvemento de diversas actividades no ámbito da educación, a saúde, o deporte e a promoción económica da cidade de Pontevedra.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.



O *Concello de Pontevedra* presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto, e de conformidade cos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do dito convenio de colaboración entre ambas administracións.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o convenio de colaboración entre o *Concello de Pontevedra* e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento de actividades no ámbito da educación, saúde, deporte e promoción económica na cidade de Pontevedra.
O texto do convenio figura co CSV: B15E8F2POBCPRFQ3.
A sinatura do dito convenio condiciónase á aprobación previa deste polo órgano competente do Concello de Pontevedra.
- Facultar á presidenta para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

5.32500.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O “DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DO PÁDEL A TRAVÉS DA DINAMIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “VIGO OPEN-WORLD PÁDEL TOUR 2023” NA CIDADE DE VIGO” (Expte. 2023013862)

ANTECEDENTES

A Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Vigo*, no exercicio das súas respectivas competencias, en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións, desenvolven accións de cooperación na planificación e execución de proxectos e actuacións de ámbito cultural e deportivo.

Co fin de colaborar no desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva do pádel a través da dinamización do evento deportivo “*Vigo Open-World Pádel Tour 2023*” que terá lugar na cidade de Vigo no mes de maio de 2023, organizado pola entidade mercantil Setpoint Events, SA, ambas entidades locais elaboraron conxuntamente unha proposta de convenio de colaboración, por entender que a súa celebración é unha oportunidade única de fomento do dito deporte e de promoción turística da cidade de Vigo, e das Rías Baixas en xeral.

O orzamento total do evento deportivo ascende a 1.049.770,00 euros mais o orzamento do citado proxecto de promoción deportiva obxecto do convenio é de 450.000,00 euros, sendo a achega da Deputación de 195.000,00 euros e a do *Concello de Vigo* de 255.000,00 euros.



O *Concello de Vigo* presentou o día 21/02/2023 no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2023003574), emendada na data 17/03/2023 (núm. Rexistro WEB202305719), a solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do convenio.

Revisada polo Servizo de Cooperación a documentación achegada, esta cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.

Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 03/03/2023 (CSV: 9KUC2RFPA1AYNM16), o informe da xefa do Servizo de Cooperación sobre o interese público da actuación de 17/03/2023 (CSV: XAFHIWNYDC8AXC2T) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 21/03/2023 (CSV: LCAJ33EF2ONFGL90).

Así mesmo, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 24/03/2023 (CSV: 4VO7NNS7FDHRC7SU).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016 (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.



Consideracións xurídicas:

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio

- Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; ademais, o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.
- Artigo 199 da LALGA, que, en consonancia co artigo 49 da LRXSP, sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.



- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.

Competencia das administracións:

- Artigo 25.2.l) da LRBRL, que, en concordancia co artigo 80.2.n) da LALGA, atribúe, entre outras, ás administracións municipais a competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo as seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.
- Artigo 109 da LALGA, que atribúe ás deputacións competencias en xeral no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, de xeito que cabe subsumir nas ditas materias, formas específicas de cooperación económica como a concesión de subvencións recollida no art. 114.c) da LALGA.

Competencia para resolver:

- Artigo 8.2 da OXS, que en virtude do establecido na base 16.2 das Bases de execución do orzamento provincial, e de conformidade co disposto nos artigos 35 da LRBRL e 10 da LXS, atribúe a competencia para resolver á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓN

En base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación, a Deputación e o *Concello de Vigo* conveñen a súa colaboración neste ámbito, para desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través da dinamización do evento deportivo “*Vigo Open-World Pádel Tour 2023*” na cidade de Vigo.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración. O *Concello de Vigo* presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto, e tendo en conta os antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do dito convenio de colaboración entre ambas administracións.



Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Vigo* para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través da dinamización do evento deportivo “*Vigo Open-World Pádel Tour 2023*” na cidade de Vigo.
O texto do convenio figura co CSV: PT0MASSL9YJE9I0B.
A sinatura do dito convenio condiciónase á aprobación previa deste polo órgano competente do Concello de Vigo.
- Facultar á presidenta para formalizar o devandito Convenio de Colaboración mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Vigo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

6.32501.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A CAÑIZA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023- LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE PETÁN, ACHAS, PARADA, A CAÑIZA E VALEIXE”, (Expte. 2023006158)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial



na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.
- En data 31/01/2023, por rexistro WEB2023004824 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, de petición do *Concello da Cañiza* mediante a que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 235.075,21 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de camiños municipais nas parroquias de Petán, Achas, Parada, Cañiza e Valeixe*” (Expte.2023006158), quedando configurada a petición tal e como reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	235.075,21€	235.075,21€	-----



A subvención financia obra por importe de 225.596,37 euros; honorarios de redacción do proxecto por importe de 5.687,30 euros e honorarios pola dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe de 3.791,54 euros.

- Mais, o Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na sesión ordinaria que tivo lugar o 24/02/2023 e mediante acordo núm. 3.7942, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/2023. Este acordo, que foi sometido a exposición pública no BOPPO núm. 42 de 1/03/2023 e no portal de transparencia, recolle que a obra arriba subliñada será financiada na contía axustada de 159.442,51 euros polo crédito extraordinario 01/2023. Desta forma a subvención a solicitar con cargo ao Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, minórase e pasa a importar 75.632,70 euros no lugar dos 235.075,21 euros establecidos inicialmente.
- En data 02/03/2023, por rexistro WEB2023013846, o *Concello da Cañiza* achega o decreto da Alcaldía núm. 2023-0233, de data 01/03/2023, que rectifica o decreto núm. 2023-0096, de 30/01/2023. Deste modo, o concello solicita unha subvención cor cargo á anualidade 2023 do Plan Concellos 2022-2023, por importe de 75.632,70 euros, quedando configurada a petición con destino ao financiamento do investimento “Mellora de camiños municipais nas parroquias de Petán, Achas, Parada, Cañiza e Valeixe” (Exp. 2023006158), tal e como se reflicte de deseguido:

Anualidade	Orzamento	Subvención	PROXECTO NOMINATIVO RINCO_23_00612 APLICACIÓN: 2023/942.9420.762.01
2023	235.075,21€	75.632,70€	159.442,51€

A subvención contempla o financiamento de asistencias técnicas por importe 9.478,84 euros (5.687,30 de honorarios de redacción proxecto e 3.791,54 euros de honorarios de dirección obra)

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 15/02/2023. Non obstante, a concesión debe quedar condicionada a que o concello achegue, coa primeira xustificación, as sectoriais da Deputación de Pontevedra, da Axencia Galega de Infraestruturas, da Dirección Xeral de Patrimonio e do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e, se procede, o pronunciamento favorable da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Ademais das sectoriais, o concello deberá achegar a acta de trazado debidamente dilixenciada e o decreto (ou o acordo) do órgano competente aprobando o proxecto técnico.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) n° 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª-7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

PARTE DISPOSITIVA

- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 01/03/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 03/03/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 24/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Guarda* CIF P3602300J a cantidade de 172.365,19 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento da praza de abastos*”, (Expte: 2023006522) cun orzamento polo importe de 172.365,58 euros distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello
2023	172.365,58	172.365,19	0,39

- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *Concello de A Guarda* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Guarda*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.




10.32505.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE PONTE CALDELAS (Expte. 2022060200)

Dada conta que con data de rexistro 19/09/2022 (rex. núm. 2022021998) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Daniel Muñoz Ruiz en representación de D. José Manuel Pena Durán, por danos en vehículo producidos a consecuencia do impacto contra unha árbore caída sobre a calzada da E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, no *Concello de Ponte Caldelas*, o día 30/10/2021 e que cuantificou economicamente en 439,31 euros.

Resultando.- Que con data 22/09/2022 e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas da Deputación que o emitiu na data 27/10/2022, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- A estrada EP 0407 BORELA-PONTECALDELAS pertence á rede provincial de estradas.



O accidente tivo lugar no punto quilométrico 7+590 desta estrada provincial.





SEGUNDO.- Dende o 1 de xaneiro de 2020 ata a data de boxe, nesa estrada provincial só tivemos dúas incidencias no ano 2021 (achégase copia dos partes).

Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Registro	26/08/2021	19:44	01128	COTOBADE	Centro
2021	429	Comunicado	26/08/2021	19:48	01128	Borela - Ponte Caldeas
	Finalizado	26/08/2021	23:30	01128	Riveiro	0.0
	Comunica	112 - SOS GALICIA				
	Notas					
Finalizado	Incidencia	arbore caída				
Nº de Parte	Registro	05/10/2021	07:08	01128	COTOBADE	Centro
2021	498	Comunicado	05/10/2021	07:17	01128	Borela - Ponte Caldeas
	Finalizado	05/10/2021	09:03	01129	Alberto	0.0
	Comunica	112 - SOS GALICIA				
	Notas	TODA LA BRIGADA POR SER HORARIO LABORAL				
Finalizado	Incidencia	estrada con pedras e terra por desprendemento				

O día do accidente, este servizo foi notificado ás 22.18 horas do 30 de novembro do ano 2021, por parte do 112-SOS GALICIA, da existencia dunha "árbore caída". A brigada de conservación e mantemento responsable acude ao lugar para atender a incidencia (achégase copia das saídas de garda esa fin de semana).

SALIDAS DE GUARDIA FIN DE SEMANA É FESTIVOS 29-30-31 é 1 de novembro					
INDICAR DIAS DE GARDA DURANTE EL MES:					
TRABAJADOR	DIA	HORA INICIO	HORA FIN	KILÓMETROS	DIETAS
PADÍN SERANTES , JORGE	29/10/2021	23:09	2:30	50KM	
VIDAL ADÁN , JOSÉ	29/10/2021	23:09	2:30	50KM	
NOVÁS FERNANDEZ , MANUEL	29/10/2021	23:09	2:30	84KM	
BELOSO MARIÑO , JUAN JOSÉ	29/10/2021	23:09	2:30	40KM	
PADÍN SERANTES , JORGE	30/10/2021	19:44	2:00	50KM	
VIDAL ADÁN , JOSÉ	30/10/2021	19:44	2:00	50 KM	
NOVÁS FERNANDEZ , MANUEL	30/10/2021	19:44	2:00	84KM	
BELOSO MARIÑO , JUAN JOSÉ	30/10/2021	19:44	2:00	40KM	
PADÍN SERANTES , JORGE	31/10/2021	3:44	14:20	50KM	



VIDAL ADÁN , JOSÉ	31/10/2021	3:44	14:20	50KM	
NOVÁS FERNANDEZ , MANUEL	31/10/2021	3:44	14:20	84KM	
BELOSO MARIÑO , JUAN JOSÉ	31/10/2021	3:44	14:20	40KM	
PADÍN SERANTES , JORGE	31/10/2021	15:35	21:55	50KM	
VIDAL ADÁN , JOSÉ	31/10/2021	15:35	21:55	50KM	
NOVÁS FERNANDEZ , MANUEL	31/10/2021	15:35	21:55	84KM	
BELOSO MARIÑO , JUAN JOSÉ	31/10/2021	15:35	21:55	40KM	
PADÍN SERANTES , JORGE	01/11/2021	18:07	21:30	50KM	
VIDAL ADÁN , JOSÉ	01/11/2021	18:07	21:30	50KM	
NOVÁS FERNANDEZ , MANUEL	01/11/2021	18:07	21:30	84KM	
BELOSO MARIÑO , JUAN JOSÉ	01/11/2021	18:07	21:30	40KM	

JUSTIFICACIÓN DE SALIDAS

29-10-21 Saída a EP 1301 Alto da Portela - Beluso (por caída de árbores, procedemos á súa retirada).
30-10-21 Saída a EP0206 Pontecandelas-Parada-Xustáns (por caída de árbores, procedemos a súa retirada). 30-10-21 (Continuación mesmo parte. 22:18h) Saída EP0407 Borela-Pontecandelas (por accidente provocado pola caída dunha árbore). Vehículo Renault Clio branco con matrícula 8446-BJP, no PK7+600. O vehículo iba dirección Borela e chocou contra unha árbore que estaba tirada ocupando toda a calzada. Tendo que esperar á asistencia da Garda Civil de Tráfico.
31/10/2021 Saída a EP0001 Bertula-Canicouva-Pontesampaio (PK0+000 ó PK1+200) e EP0002 Marco-Tomeza-Figueirido (PK4+000 ó PK4+750). Por grandes arrastres de xabre debido á obra da circunvalación, os cales invadiron ambos carrís e desbordaron as cunetas. Procedemos á súa retirada e limpeza con camión grúa, pala mixta e con moto bomba (03:44 ás 14:20). Durante esta asistencia recibíronse varias incidencias: 07:27 Saída a EP9506 Barrantes-Vilariño (PK0+950) por accidente dun vehículo contra uns contedores do lixo, procedemos a súa retirada da calzada e a retirada do lixo. 10:27 Saída a EP0203 Caritel-Anceu (PK 2+100) por caída dunha árbore, procedendo á súa retirada. 11:45 Saída EP0404 Viascón-Cuspedriños por caída de árbore, procedendo a súa retirada.
31/10/2021 Ás 15:35 Saída a EP0306 Ponte de Verdugo-Cambexes-Barcia (PK 9+000) por caída dunha árbore de grandes dimensións. Procedemos á súa retirada. Ás 16:21 EP0305 As Hermitas-Pigazos por mancha de aceite do PK3+400 ao PK5+000, procedendo á súa limpeza. Ás 17:26 Saída a EP1305 Igresario de Cela-Outeiro-Bueu por desprendemento, o cal arrastrou unha sinal, polo que procedemos a limpeza e retirada da sinal.
01/11/2021 ás 18:07 á EP8001 Caldas-Carracedo-Catoira (PK7+750) por accidente cun xabarín. Procedemos ó desaloxo e limpeza da vía.



TERCEIRO.- A estrada estaba sinalizada en sentido crecente mediante unha sinal vertical R-301 no p.q. 7+795 de “Prohibición de circular a velocidade superior a 70, en quilómetros por hora.”



No sentido decrecente existen unha sinal vertical R-301 no p.q. 2+260 de “Prohibición de circular a velocidade superior a 60, en quilómetros por hora.”



CUARTO.- *A brigada de conservación do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais é a que se encarga da retirada da árbore e limpeza dos restos do accidente.*


A árbore caída aparentemente estaba seca, tronzada polo tronco probablemente polo forte temporal acontecido nesa data.



QUINTO.- *Segundo o capataz responsable da conservación da estrada provincial, que acudiu a cubrir o incidente, o “tempo de resposta” da brigada responsable estímase en 40 minutos aproximadamente.*

SEXTO.- *A brigada de garda xunto cos axentes de tráfico que se trasladaron máis tarde ó lugar do accidente, buscaron de onde caera a citada árbore. Chegouse á conclusión de que procedía dunha propiedade particular lindeira coa estrada provincial.*

Unha vez consultado o catastro achegamos a ficha catastral correspondente á parcela, para a consulta do seu propietario por persoal acreditado.



*M^a. Belén Pampín Camino
Enxeñeiro*

Resultando.- Que con data 15/11/2022, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas da Deputación acerca do nome e dirección postal do propietario da parcela da que procedía a árbore, coa finalidade de emprazalo como interesado no procedemento, remitindo os citados datos na data 07/12/2022, sendo os seguintes:

*ASOCIACIÓN VECINAL DE MONTES EN MANO COMÚN DE CUÑAS-
PONTECALDELAS.*

*Lg. Cuñas
36820 PONTE CALDELAS*



Resultando.- Que con datas 13/12/2022 e 16/02/2023, e de conformidade co establecido no artigo 4.1 letra c) da Lei 39/2015 e 76.1 da mesma Lei, emprazouse no procedemento á Asociación Veciñal de Montes en man común de Cuñas-Ponte Caldelas, remitindo escrito de alegacións na data 07/03/2023, co seguinte contido:

(...) A primeira noticia que tivo esta Comunidade de Montes foi en decembro de 2022, cando dito suceso aconteceu en data 30 de outubro de 2021 (transcorrido mais de un ano), e que ao longo dos quilómetros polos que a dita estrada transcorre, nas dúas beiras teñen terreos diversas comunidades de montes (Gradín, Caldelas e Cuñas) SENDO, aparentemente, o punto no que sucede, PROPIEDAD DA NOSA COMUNIDADE A EFECTOS CATASTRAIS (Pol. 53. Parcela 26), polo que poden darse múltiples e diversos sucesos por caídas de árbores á vista de que todo él é terreo no que o arborado é abundante, cousa que fai de todo punto imposible controlar esta circunstancia, mais aínda se temos en conta que o suceso foi en datas invernaís, nas que os fenómenos atmosféricos adversos son múltiples e seguidos.

Teñamos en conta, a maiores, que na documentación que se nos remite xa se indica a posibilidade de que o vehículo viaxase a unha velocidade excesiva por unha ruta na que existe limitación ao efecto e, ademais, cabe pensar que calquera condutor observando o tipo de vía e orografía do lugar, debe poñer especial atención na conducción. No caso que nos ocupa, vendo as fotografías que nos foron remitidas, o lugar ten visibilidade suficiente.

Tamén entendemos que debemos dar por bo o feito relatado, xa que na reportaxe achegada vese unha árbore de non grandes dimensións, aparentemente delgada, atravesando completamente a vía, cuxa raíz non pode verse con claridade para fixar o terreo exacto de nacemento, pero que si pode verse dita árbore no chan, dende lonxe, á vista de calquera vehículo.

Polo exposto, e visto que no caso que nos ocupa, sendo a vía de titularidade provincial, habida conta das múltiples veces que so operarios provinciais fan labores de mantemento das beiras da vía, acolléndose aos dereitos e obrigas da institución provincial na conservación das zonas de policía de estradas, non debe facérsenos responsables dos feitos acontecidos, polo que pregamos se peche o expediente referido.

*Elvira Crespo Casal
Presidenta.*

Considerando. - Que no presente procedemento seguiuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Capítulo IV do Título Preliminar da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.



Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- O día do accidente, recibíuse aviso por parte do 112-SOS GALICIA, da existencia dunha “árbore caída”, polo que a brigada de conservación e mantemento responsable acudiu ao lugar para atender a incidencia (achégase copia das saídas de garda esa fin de semana).
- A brigada de conservación do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais é a que se encarga da retirada da árbore e limpeza dos restos do accidente.
- A árbore caída aparentemente estaba seca, tronzada polo tronco probablemente polo forte temporal acontecido nesa data. Asemade, na data no que se produciu o impacto contra unha árbore, estaba activada a alerta laranxa na provincia de Pontevedra.
- Figuran no parte das saídas da brigada de garda desa fin de semana numerosas incidencias por caídas de árbores nas vías provinciais (5, ademais da que dou lugar á presente reclamación) e outras por diversos motivos relacionados co temporal acontecido (accidente contra uns colectores de lixo que invadían a calzada, arrastres de xabre, desprendementos).
- A brigada de garda xunto cos axentes de tráfico que se trasladaron máis tarde ó lugar do accidente, buscaron de onde caera a citada árbore e chegouse á conclusión de que procedía dunha propiedade particular lindeira coa estrada provincial, é dicir, fóra do dominio público viario da estrada provincial.

Considerando.- Que polos argumentos esgrimidos no anterior considerando, o accidente sería imputable a un suposto de forza maior, caracterizado doutrinalmente polos elementos de externalidade e irresistibilidade en síntese de imprevisibilidade e inevitabilidade, ó que é alleo esta Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias pola mera detención material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos, pois é sabido que existe un estándar medio de risco predicable de calquera actividade humana ó que non é allea a conducción de vehículos a motor.

Considerando.- Que segundo o Informe Estadístico do Destacamento de Pontevedra, achegado polo reclamante xunto coa instancia, o vehículo circulaba seguindo traxectoria recta por zona de marxes arboradas e limitación de velocidade a 70 km/h, recolléndose ademais no informe do Servizo de Infraestruturas que nesa data houbo un forte temporal, factores todos eles concorrentes que inducen a pensar que, de terse adecuado a velocidade ás circunstancias esixidas polas condicións meteorolóxicas e polo estado da vía, o accidente podería non terse producido, o que fai descansar a responsabilidade no condutor do vehículo, vinculada coa forza maior. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, “todo condutor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, A FIN DE ADECUAR LA VELOCIDAD DE SU VEHÍCULO A LAS MISMAS, DE MANERA QUE SIEMPRE PUEDA DETENERLO DENTRO DE LOS LÍMITES DE SU CAMPO DE VISIÓN Y ANTE CUALQUIER OBSTÁCULO QUE PUEDA PRESENTARSE”.



Pola súa banda, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos exprésase o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor como a los demás ocupantes del vehículo y al resto de usuarios de la vía. Queda terminantemente prohibido conducir de modo negligente o temerario”.*

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. en supostos idénticos ou similares, fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía mais aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa limpeza ou reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada de conservación e mantemento da vía tardou aproximadamente 40 minutos en chegar ao lugar do accidente para proceder á limpeza da vía, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que as sentenzas 148/16, 85/21 e 9/22, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, as sentenzas 113/12, 220/17, 193/21 e 76/22, ditadas polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, e a 213/12 e mais a recentísima 197/22, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos de Pontevedra, e todas sobre supostos con identidade de razón (caída de árbore na estrada), eximiron de toda responsabilidade a esta Deputación.

Considerando.- Que no informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación de data 27/10/2022, consta a ficha catastral correspondente á parcela de propiedade particular lindeira coa estrada da que procedía a árbore, así como a súa titularidade, polo que ó abeiro do artigo 1.902 e 1908.3º do Código Civil, podería, de ser o caso (cuestión que esta Deputación non prexulga), esixírselle ós seus propietarios a hipotética responsabilidade no eido da xurisdición civil:



Artigo 1902 C. C. :

“El que por acción u omisión causa daño a otro, interviniendo culpa o negligencia, está obligado a reparar el daño causado”.

Artigo 1908. 3º do C. C. :

“Igualmente responderán los propietarios de los daños causados:

3º. Por la caída de árboles colocados en sitios de tránsito, cuando no sea ocasionada por fuerza mayor”.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

11.32506.- AUTORIZACIÓN SUSPENSIÓN EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS - PUXEIROS DENDE O P.Q. 0+020 ATA O P.Q. 0+600 (CONCELLO DE MOS)” (EXPTE.2022045199)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 09/12/2022 acordou adxudicar á empresa ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L., CIF (B15411705) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)”, por un importe de 411.312,96 euros IVE, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 16/01/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 16/07/2023.

Resultando.- Que con data 17/03/2023 formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, (CSV) MDH4LAZDW8H0TZIC, quedando nese intre cento dezanove (119) días para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta que se detectou a presenza de novos servizos afectados que imposibilitan a execución da obra mentres non se adopte unha solución técnica que permita reanudar os traballos, estimando proceder a suspensión das obras ata que se resolva a interferencia destes servizos na execución dos traballos. Recolle a acta de paralización que a porcentaxe de obra executada e o 0%.



Resultando.- Que con data 23/03/2023 emitiu informe o xefe de Servizo de Contratación (CSV) 8NXFQVDYKO7LAPMQ , recollendo o seguinte: “...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode executar o contrato de obras debido á detección de novos servizos afectados que o imposibilitan. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se adopte unha solución técnica que permita reanudar os traballos. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre CENTO DEZANOVE (119) DIAS para a finalización do prazo de execución...”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...dentro dos límites e con sujeción ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión da execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)”, con efectos dende o 17/03/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión parcial da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre cento dezanove (119) días, para finalizar a obra.



12.32507.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE “SERVIZO DE REALIZACIÓN DE INVENTARIO, INSPECCIÓN E AVALIACIÓN DE OBRAS DE PASO DA REDE DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte.2019052919)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12 de febreiro de 2021 adxudicouse á UTE Galaicontrol, S.L (CIF: B- 36651487)-Neto Structure & Heavy Lift Design, S.L. (CIF: B-70510896), o “*Servizo de realización de inventario, inspección e avaliación de obras de paso da rede de estradas da Deputación de Pontevedra*”, por un importe total de 180.465,28 euros e un prazo de execución de 2 anos.

Con data 7 de abril de 2021 formalizouse o correspondente contrato entre as partes, establecéndose nese intre como data para finalizar os traballos o día 6 de abril de 2023.

Con data 10 de marzo de 2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista no que solicita a suspensión do contrato, co seguinte fundamento: ... “*Avaliado o desenrolo dos traballos ata a data actual, constátase a necesidade de reinspeccionar novamente distintas obras de paso que presentaron socavación ou indicios de socavación como por exemplo o desprazamento de rastrillos da cimentación, nas inspeccións realizadas o verán pasado.*

Son obras de paso situadas en ríos cun caudal de auga moi importante, como o Lérez, o Arnego, o Lagares, o Umia ou o Ulla.

O elevado caudal circulante por estes ríos na época actual, non permite reinspeccionar nestas datas esas obras de paso. Non proceder á reinspección provocaría un risco de agravamento de posibles deficiencias nas cimentacións.”.

Con data 16 de marzo de 2023 o Enxeñeiro D. César Paredes Rodríguez informa favorablemente a suspensión do contrato “*ata que se reúnan as condicións adecuadas para acometer os traballos pendentes*

Prevese que a data ideal para o reinicio do mesmo sexa no mes de agosto ou de setembro do presente ano, xa que o mes de setembro é o mes do ano no que previsiblemente o estiaxe será maior, permitindo así acometer estes traballos pendentes” (csv: R0UPJ41KWZXO196P).

Resultando.- Que con data 23 de marzo de 2023 emitiu informe o Xefe do Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “*...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola dirección facultativa como responsable do contrato, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións axeitadas para acometer os traballos pendentes. ”*

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “*...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión da execución do contrato “*Servizo de realización de inventario, inspección e avaliación de obras de paso da rede de estradas da Deputación de Pontevedra*”, con efectos dende o 10/03/2023

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución do contrato, formalizarase entre o contratista e o responsable do contrato un acta de reinicio do mesmo.

13.32508.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DO “SERVIZO SEGURIDADE E VIXILANCIA NOS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte.2023005688)

Con data 16 de marzo de 2023, o Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral ditou providencia de inicio do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, da prestación do servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra, dividíndose nos 5 lotes seguintes:

- Lote 1: Escola de Canteiros de Pontevedra.
- Lote 2: Centro Príncipe Felipe.
- Lote 3: Museo de Pontevedra.
- Lote 4: Cooperación.
- Lote 5: Turismo Rías Baixas.

O contrato proposto ten un prazo de duración dun ano, coa posibilidade dunha prorroga cun máximo dunha anualidade, e un orzamento base de licitación de 1.837.344,85 euros.

Tendo en conta que, con data 24 de marzo de 2023, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Así mesmo, o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 23 de marzo de 2023 e as observacións contidas no mesmo.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 24 de marzo de 2023, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Respecto das retencións de crédito correspondentes ó Castelo de Soutomaior para a anualidade 2023 (6 meses) sinalar que está en tramitación a correspondente transferencia para dotar de crédito suficiente á referida aplicación.”

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.



Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, dítarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, por lotes, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “*Seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra*”.

O prazo de duración do contrato será de 1 ano a partir da data que se sinale no documento de formalización. En todo caso esta data non será anterior ao 01/07/2023, para os lotes 1, 3, 4, e 5. Para o Lote nº 2 non será anterior ao 06/09/2023. No obstante, no caso do Lote 1, o contrato extinguirase no caso de transferencia do edificio da Escola de Cantería á Xunta de Galicia.

Establecese a posibilidade dunha prórroga por un período máximo de unha anualidade.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 1.837.344,85 euros, desagregado nos seguintes lotes:

	LOTE 1 Escola de Canteiros	LOTE 2 Centro Príncipe Felipe	LOTE 3 Museo de Pontevedra	LOTE 4 Cooperación	LOTE 5 Turismo Rías Baixas
Orzamento base de licitación, sen IVE	82.783,02 €	362.181,45 €	761.040,90 €	38.871,54 €	273.589,92 €
IVE (21%)	17.384,43 €	76.058,10 €	159.818,59 €	8.163,02 €	57.453,88 €
Orzamento base de licitación, con IVE	100.167,45 €	438.239,55 €	920.859,49 €	47.034,56 €	331.043,80 €



O valor estimado é de 3.948.013,76 euros, sendo os importes por lotes os seguintes:

	VALOR ESTIMADO
LOTE 1 Escola de Canteiros	215.235,84 €
LOTE 2 Centro Príncipe Felipe	941.671,78 €
LOTE 3 Museo de Pontevedra	1.978.706,34 €
LOTE 4 Cooperación	101.066,00 €
LOTE 5 Turismo Rías Baixas	711.333,78 €

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: DFAP51MT2R5RI4IN) e de prescricións técnicas (CSV: P7ZCWE8CKESF3CQL) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 1.837.344,85 euros, distribuídos nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Centro Xestor	Aplicación orzamentaria	Importe servizos ordinarios (con IVE)	Orzamento máximo servizos extraordinarios (con IVE)
2023 (6 meses, excepto CPF, 4 meses)	Escola de Canteiros	23/324.3243.227.01 (Vinculación)	50.083,73 €	5.008,37 €
	Centro Príncipe Felipe	23/232.2312.227.01	146.079,85 €	14.607,99 €
	Museo de Pontevedra	23/333.3330.227.01 (vinculación)	460.429,75 €	46.042,97 €
	Cooperación	23/942.4330.227.01	12.228,99 €	1.222,90 €
		23/942.4331.227.01 (vinculación)	11.288,29 €	1.128,83 €
	Turismo Rías Baixas	23/433.4320.227.01 (vinculación)	42.241,19 €	4.224,12 €
23/433.3360.227.01 (vinculación)		123.280,71 €	12.328,07 €	
2024 (6 meses, excepto CPF, 8 meses)	Escola de Canteiros	24/324.3243.227.01	50.083,73 €	5.008,37 €
	Centro Príncipe Felipe	24/232.2312.227.01	292.159,70 €	29.215,97 €
	Museo de Pontevedra	24/333.3330.227.01	460.429,75 €	46.042,97 €
	Cooperación	24/942.4330.227.01	12.228,99 €	1.222,90 €
		24/942.4331.227.01	11.288,29 €	1.128,83 €
	Turismo Rías Baixas	24/433.4320.227.01	42.241,19 €	4.224,12 €
24/433.3360.227.01		123.280,71 €	12.328,07 €	



En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsables do contrato ás seguintes persoas:

- Lote 1: Xefatura do Servizo de Medio Ambiente
- Lote 2: Xefatura de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe
- Lote 3: Persoa Directora do Museo Provincial
- Lote 4: Xefatura do Servizo de Cooperación
- Lote 5: Xefatura do Servizo de Turismo Rías Baixas

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

14.32509.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 4006 PONTEAREAS - AS NEVES DO P.Q. 12+080 AO 12+560 (CONCELLO DAS NEVES)”, (Expte.2022068472)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 4006 Pontearreas - As Neves, que transcorre polo Concello das Neves e que ten unha lonxitude de 12.681 m. A E.P. 4006 que conecta Pontearreas con As Neves é de dobre sentido de circulación e de sección variable.

Resultando.- Que antes da zona de actuación, no treito antigo existente desde o P.Q. 11+100 ata o P.Q. 12+080 da EP 4006 executáronse obras de mellora mediante unha senda peonil dende o núcleo do Rabelo así como a mellora da mobilidade peonil na rotonda existente no P.Q. 12+000, para a seguranza dos veciños e a conexión co instituto e co centro da vila.



Resultando.- Que onde remata a actuación executada, á altura do P.Q. 12+080 atópase unha beirarrúa pola marxe esquerda en moi mal estado, polo cal a Deputación decide contratar a redacción do proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas- As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)*”.

Resultando.- Que o proxecto desenvólvese na súa integridade no *Concello de As Neves*, dende o P.Q. 12+080 ao 12+560 da E.P. 4006. O seu obxecto principal é a execución dunha senda peonil de 2,50 metros de ancho pola marxe esquerda da estrada dando continuidade os treitos executados en proxectos anteriores co fin de mellorar a mobilidade peonil existente ata o IES Pazo da Mercé e centro da vila.

Resultando.- Que con data 03/11/2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de As Neves, convenio de colaboración para a execución do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas- As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)*”, por un importe de 258.394,57 euros.

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de As Neves* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	206.715,66 €	80
Concello As Neves	51.678,91 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	258.394,57 €	100

Resultando.- Que recolle tamén o convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas- As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., o proxecto de execución da “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas- As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)*” cun orzamento base de licitación de 258.394,57 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 6SHMH9BQSXLB0P8N.



Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión do proxecto favorable, emitido pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 206.715,66 euros , con número de operación 202300008089 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 e RC por importe de 51.678,91 euros con número de operación 202300064499 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02, para facer fronte ó gasto financiado pola Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno de data 24/01/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas - As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)*”, redactado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., cun orzamento base de licitación de 258.394,57 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 6SHMH9BQSXLB0P8N.

Resultando.- Que consta no expediente autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, (CSV) D49HES7EDX8F2EW4, debido a que a actuación atópase na contorna de protección do elemento arqueolóxico “*A Cividade*” (GA 36034006). En ningún momento se fai unha afección do mesmo, dado que a actuación a realizar con este proxecto se atopa no dominio público da EP 4006. Con data 03/03/2022 o Servizo de Patrimonio Cultural autoriza a execución da obra e solicita realizar un control arqueolóxico, polo que antes do comezo da obra deberá presentarse proxecto arqueolóxico para a súa autorización.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que foi emitido polo Secretario Xeral, informe preceptivo en relación coa aprobación do expediente (CSV) WVMH9AVW56ZN3W6V, concluíndo o seguinte: “*...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...*”

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización (CSV) 5E9SMUEI06QPFEQL, no que se recolle o seguinte: “*...Respecto da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio necesaria para a execución das obras cabe sinalar que establece como condición o seu control arqueolóxico e que as obras non poderán dar comezo en tanto non sexa autorizado o proxecto de control arqueolóxico polo que o dito control achegarase coa acta de comprobación do replanteo e/ou coa primeira certificación, debendo recollese por escrito, polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o cumprimento do mesmo. Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-*



administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente e condicionado ó cumprimento do disposto no apartado das observacións sobre o control arqueolóxico...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato.”*

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas - As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)*” cun orzamento base de licitación de 258.394,57 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	213.549,23 €
IVE (21%).....	44.845,34 €
Importe Total.....	258.394,57 €
2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): NOPW6Y2DVT*IFTXTY, e de prescricións técnicas con código (CSV) 6SHMH9BQSXLB0P8N, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 258.394,57 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/456.4530.612.02.2022 e 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

15.32510.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONCLUSIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE CONSULTARÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS E SEGUIMENTO DE PROXECTOS FINANCIABLES CON FONDOS EUROPEOS, INCLUÍDOS OS PROCEDENTES DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA” (Expte.2023006937)

A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de optimizar a captación de fondos para o desenvolvemento de proxectos que potencien a consecución dos obxectivos de interese provincial, precisa definir un instrumento que dote da suficiente axilidade a contratación dos traballos de deseño de candidaturas, e execución de proxectos de interese provincial, aliñados dentro da estratexia de fondos europeos da Deputación de Pontevedra, e/ou susceptibles de seren financiados a través do Plan de Recuperación para Europa (Next Generation EU e Marco Financeiro Plurianual 2021-2027) ou calquera outro que sexa acorde coa tipoloxía de actuacións que se queren potenciar.

O desenvolvemento destes traballos require persoal moi especializado e con experiencia na materia, polo que a Deputación non dispón de medios persoais e materiais suficientes e adecuados, sendo necesario contratar estes servizos de alta especialización a consultoras externas, que aporten profesionais adecuadamente cualificados e experimentados na materia.



A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2022, aprobou o expediente para a conclusión do “Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a s presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiábles con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, cos seguintes lotes:

- Lote 1: “Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables.”
- Lote 2: “Proxectos de enxeñería civil e arquitectura.”
- Lote 3: “Proxectos de novas tecnoloxías.”
- Lote 4: “Proxectos sociais, benestar e saúde.”
- Lote 5: “Emprego, desenvolvemento local e función pública.”

Concluída a licitación, mediante acordo da Xunta de Goberno, de data 28 de outubro de 2022, adxudicáronse os lotes 2, 4 e 5 do acordo marco, e declaráronse desertos os lotes 1 e 3 por non presentarse ningunha oferta en tempo e forma nos referidos lotes.

Subsistindo a necesidade, o servizo de Cooperación remite nova proposta para a licitación dos lotes que quedaron desertos, con data 4 de febreiro do 2023, a xefa do servizo de Cooperación, emite informe, complementado con data 20 de febreiro do 2023, no que, co visto e praxe da deputada, propón a conclusión dun Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiábles con fondos europeos (lotes 1 e 3). O acordo marco proposto ten un prazo de duración de 4 anos, e un orzamento máximo estimado de 1.334.506,85 euros para o conxunto de contratos baseados que se poidan adxudicar durante a súa vixencia. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 20 de febreiro do 2023, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun acordo marco administrativo de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. A memoria definitiva asinase con data 20 de marzo do 2023.

Visto que o acordo marco non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos baseados que se adxudiquen ao abeiro deste Acordo marco, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa parte do Acordo Marco. No en tanto, a efectos informativos, establécese un orzamento máximo estimado de 1.334.506,85 euros para o conxunto de contratos baseados que se poidan adxudicar durante a vixencia do Acordo Marco, que se adecúa aos prezos do mercado.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 21 de febreiro do 2023, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 2 de marzo do 2023, e as observacións contidas no mesmo.



Visto que con data 6 de marzo do 2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 21 de marzo do 2023, coas seguintes observacións e recomendacións:

“No caso de que algún/s dos contratos baseados neste acordo marco sexan susceptibles de financiamento con cargo a Fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia deberá terse en conta o cumprimento dos requisitos específicos establecidos para a tramitación deste tipo de gasto na respectiva normativa.

Na cláusula 10.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense os criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Ademais, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.”

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Tendo en conta o artigo 100.3 da LCSP, segundo o cal con carácter previo á tramitación dun acordo marco non é necesario aprobar un orzamento base de licitación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a conclusión, mediante procedemento aberto, do “*Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiábeis con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia*”, cos seguintes lotes:

Número	Denominación
1	Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables. Actuacións cuxo obxecto principal sexan accións de tipo forestal, agrícola, mineiro, agropecuario, xeolóxico ou propias da xestión e mellora medioambiental, a loita contra o cambio climático, a restauración e xestión de ecosistemas, a conservación do medio, a protección da biodiversidade, a enerxía en xeral e a eficiencia enerxética e as enerxías renovables en particular, incluíndo todos os traballos que formen parte das mesmas.
3	Proxectos de novas tecnoloxías. Proxectos de índole tecnolóxica e actuacións cuxo obxecto sexan as accións relacionadas co desenvolvemento de aplicacións informáticas, a dixitalización, a telecomunicación, a intelixencia artificial, a ciberseguridade e resto de disciplinas análogas ou de tipo industrial, eléctrico, mecánico, incluíndo todos os traballos que formen parte das mesmas.

O Acordo Marco concluirase cunha única empresa por lote, e fixará os termos, condicións e prezos unitarios que rexerán os contratos derivados que se podan adxudicar durante a súa vixencia, sen nova licitación. A contía total dos servizos que se vaian a prestar ao abeiro deste Acordo Marco non se pode definir con exactitude ao tempo de celebralo, por estar subordinada ás necesidades da Administración.

Tramitación dos contratos baseados no acordo marco:

Cada contrato baseado deberá iniciarse cun informe proposta do servizo xestor, co visto e prace do/a deputado/a delegado/a correspondente, determinando a necesidade concreta e o importe. Se dito contrato se realiza ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, deberá observar as especialidades establecidas na cláusula 3 deste prego, e verificar a ausencia de dobre financiación do contrato.

O informe-proposta remitirase a Intervención para que informe da existencia de crédito. Posteriormente, adxudicarase polo órgano de contratación correspondente en función das bases de execución do orzamento.



No acordo de aprobación e adjudicación do contrato baseado no acordo marco deberá recollerse a autorización e disposición ou compromiso deste gasto. Unha vez trasladado a Intervención contabilizarase a fase de disposición do gasto “A” e “D”.

O prazo de vixencia será de catro anos, contado desde a data da súa formalización.

O prazo de duración dos contratos baseados no acordo marco indicárase en cada contrato baseado, así como, no seu caso, os prazos parciais de cada un dos fitos de execución do contrato.

O acordo marco non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos baseados que se adjudiquen ao abeiro deste Acordo marco, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa parte do Acordo Marco.

No en tanto, a efectos informativos, establécese un orçamento máximo estimado de 1.334.506,85 euros para o conxunto de contratos baseados que se poidan adjudicar durante a vixencia do Acordo Marco, que se adecúa aos prezos do mercado, e desagrega conforme ao seguinte detalle:

Lote 1. Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables.

Orzamento sen IVE	812.744,67 €
IVE(21%)	170.676,38 €
Orzamento máximo estimado	983.421,05 €

Lote 3. Proxectos de novas tecnoloxías.

Orzamento sen IVE	290.153,56 €
IVE(21%)	60.932,25 €
Orzamento máximo estimado	351.085,80 €

Prezos unitarios de licitación:

Lote	Prezo total de licitación do lote (P)
Lote 1. Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables.	812.744,67 €
Lote 3. Proxectos de novas tecnoloxías.	290.153,56 €



Para cada unha das fases definidas no prego de prescricións técnicas, establécense distintos prezos unitarios de licitación en función de tramos de orzamento do proxecto obxecto do servizo. Ditos prezos unitarios de licitación (tarifa honorarios) compóñense dunha porcentaxe aplicable sobre o orzamento do proxecto máis un elemento fixo, e son os seguintes:

LOTE 1			
FASE 1 EXISTINDO FASE 2			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	1.200,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	0,800%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	0,680%	360,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	0,580%	1.110,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,270%	5.760,00 €
FASE 1 NON EXISTINDO FASE 2			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	2.400,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	1,600%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	1,360%	720,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	1,160%	2.220,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,540%	11.520,00 €
FASE 2 EXISTINDO FASE 1			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	4.800,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	3,200%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	2,720%	1.440,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	2,320%	4.440,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,080%	23.040,00 €



FASE 2 NON EXISTINDO FASE 1			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	6.000,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	4,000%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	3,400%	1.800,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	2,900%	5.550,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,350%	28.800,00 €

FASE 3			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	6.000,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	4,000%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	3,400%	1.800,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	2,900%	5.550,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,350%	28.800,00 €

FASE 4			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	1.800,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	1,200%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	1,020%	540,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	0,870%	1.665,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,405%	8.640,00 €



LOTE 3

FASE 1 EXISTINDO FASE 2			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	1.560,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	1,040%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	0,884%	468,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	0,754%	1.443,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,351%	7.488,00 €

FASE 1 NON EXISTINDO FASE 2			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	3.120,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	2,080%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	1,768%	936,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	1,508%	2.886,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,702%	14.976,00 €

FASE 2 EXISTINDO FASE 1			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	6.240,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	4,160%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	3,536%	1.872,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	3,016%	5.772,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,404%	29.952,00 €



FASE 2 NON EXISTINDO FASE 1			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	7.800,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	5,200%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	4,420%	2.340,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	3,770%	7.215,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,755%	37.440,00 €

FASE 3			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	7.800,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	5,200%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	4,420%	2.340,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	3,770%	7.215,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,755%	37.440,00 €

FASE 4			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	2.340,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	1,560%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	1,326%	702,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	1,131%	2.164,50 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,527%	11.232,00 €

En todo caso, nos prezos indicados, inclúense os gastos de persoal, dietas e desprazamentos, material funxible, amortización e funcionamento das instalacións, equipos e medios de transporte, consumo e, en xeral, todos os necesarios para o correcto desenvolvemento dos traballos descritos no Prego de Prescricións Técnicas, así como todos os impostos e os gastos derivados da colaboración na labor de difusión da imaxe e edición de documentos informativos.



O valor estimado do acordo marco é de 1.334.506,85 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: KQBRMMJ1C6WY8ARQ) e de prescricións técnicas (CSV: RJP5JTMORJWVYO8R) que rexerán dita contratación.

3.- Con carácter previo á tramitación do acordo marco non se aproba un orzamento base de licitación, de conformidade co artigo 100.3 da LCSP.

A autorización e disposición e compromiso do gasto realizarase coa aprobación e adxudicación do correspondente contrato baseado no acordo marco, previa certificación da existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación.

Os contratos baseados no presente acordo marco serán financiados no seu día e nas correspondentes anualidades, con cargo á/s aplicación/s orzamentaria/s que corresponda/n segundo o centro xestor de que se trate, e dentro do proxecto de gasto que proceda, ben sexa do vixente orzamento provincial de 2023 ou de exercicios futuros, debendo realizarse previamente a respectiva tramitación e solicitude de existencia de crédito antes da súa adxudicación.

No caso de tratarse de anualidades futuras, o gasto quedará condicionado á aprobación do/s seu/s respectivo/s orzamento/s e á existencia de crédito adecuado e suficiente no/s mesmo/s.

4.- Nomear responsable do Acordo Marco a Marina Piñeiro Novo, xefa do servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contado desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

16.32511.- ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO, XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DEPOTERMAL 2023 (Expte. 2022060754)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, leva a cabo o plan de termalismo social Depotermal 2023 que ten como finalidade facilitar aos veciños e veciñas da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros. Asímesmo, pretende ser un plan dinamizador da economía da provincia, impulsando a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade, desestacionalizando a demanda.

Trátase dun plan cun claro obxectivo social, xa que facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e tamén como tratamento sanitario, pero que ofrece tamén bos resultados en termos de sustentabilidade económica para a provincia.



Para a consecución deste obxectivo, a Deputación de Pontevedra por en marcha dúas liñas de actuación:

Lote nº 1: Programa de asistencia diaria a instalacións termais durante cinco días consecutivos en xornada de mañá ou tarde, que contará con 1.000 prazas.

Lote nº 2: Programa termal de pernoita en réxime de pensión completa de domingo a venres, que contará con 2.500 prazas.

A Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, remite ó Servizo de Contratación informe proposta (csv RE05LR2MIBHT3S3O) solicitando a incoación do expediente para levar a cabo a contratación do servizo de “Xestión, desenvolvemento e execución do programa “Depotermal 2023” dentro do ámbito dos programas de participación social.

Xunto coa referida proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerán na contratación.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria de data 23 de decembro de 2022, adoptou o acordo: “7.31104.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPOTERMAL 2023*”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 27/12/2022 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29/12/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 2 de febreiro de 2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres A, correspondentes a documentación administrativa, presentada polas empresas que participan neste procedemento, acordando admitir as seguintes empresas: VIAJES EL CORTE INGLÉS S.A. (lote nº 1 e lote nº 2) e HALCÓN VIAJES S.A. (lote nº 1 e lote nº 2)

A Mesa a continuación, procede a descarga da documentación dos sobres B, correspondente ós criterios de valoración mediante xuízos de valor, e acorda trasladar a documentación aos técnicos do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas de acordo cos criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen o procedemento.

En data 23/02/2023, a Mesa de contratación, tendo en conta o informe emitido pola Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude co csv (YDVZGE77VQKQ0AZH) e do informe emitido polo Xefe do Servizo de contratación co csv (EH5NFYCE8YXPFOZQ) acorda:

- Propor a exclusión da oferta presentada pola empresa Viajes El Corte Inglés SA, ao lote nº 1 por “incluír na proposta técnica aspectos que deben de ser valorados e incluídos nos criterios de valoración automática, como son os establecementos ofertados, actividades complementarias e cronogramas diarios en cada establecemento, tanto no programa diúrno como de pernoita, polo que a Mesa de contratación debe valorar se procede ou non a súa exclusión por incumplir o precepto



establecido na cláusula 7 do prego de cláusulas económico-administrativas que sinala que “Na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliábeis de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento”

Respecto a posibilidade de excluír a oferta presentada pola empresa Viajes El Corte Inglés ao lote nº2 por incluír no sobre B referente a documentos que serven para valorar os xuízos de valor do lote 1 documentación referente aos criterios automáticos do lote 2, a Mesa de Contratación acorda non excluír a oferta presentada pola empresa Viajes El Corte Inglés SA ao lote nº2 de conformidade co informe do Xefe do Servizo de Contratación que ao respecto indica o seguinte: *“Tendo en consideración que é improcedente a exclusión automática pola inclusión de documentación non necesaria no sobre B, por ser excesivamente formalista e contrario ao principio de libre concorrencia; e os documentos que se inclúen no sobre B da empresa refírense a aspectos do Lote 2, que unicamente ten criterios automáticos, non se observa a existencia dalgún tipo de risco á valoración obxectiva dos criterios de adxudicación, os cales son na súa totalidade automáticos”*

- Prestar conformidade as puntuacións acadadas pola empresa Halcón Viajes S.A correspondente aos xuízos de valor do lote nº1 segundo constan no informe emitido pola Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude Begoña Estévez Bernárdez e de acordo co seguinte detalle:

Lote nº 1	1.-Estratexia de trasladados (Max 20 puntos)
HALCON VIAJES	19,00 puntos
VIAJES EL CORTE INGLES	excluída

A Mesa de contratación na reunión de data 23/02/2023 tamén procedeu a apertura do sobre C da documentación avaliábeis mediante criterios automáticos.

Os valores ofertados son os seguintes:

HALCÓN VIAJES S.A.

-Lote nº1.- Programa de asistencia diaria

1.- PREZO unitario ofertado por persoa participante no Programa de asistencia diaria, para cada un dos 5 establecementos ofertados e categoría dos establecementos:

NOME DO ESTABLECEMENTO		Categoría do establecemento	PREZO UNITARIO POR PERSOA
1	Palacio del Agua Mondariz	4****	180 €
2	Termas de Cuntis	4****	180 €
3	SPA Bienestar Moaña	4****	150€
4	SPA Galatea	4****	130 €
5	SPA Via Argentum	4****	125 €

Nota importante: a empresa deberá ofertar 5 establecementos (dos que solo dous poderán ser de 5). O prezo unitario ofertado por cada establecemento non poderá superar o importe de 257,14 €.*



2.- Promoción e difusión do programa:

Trípticos Informativos ofertados	Sinalar cun X
750	<input type="checkbox"/>
1000	X
Anuncios prensa de ámbito provincial ofertados	
6	<input type="checkbox"/>
8	<input type="checkbox"/>
10	X
Cuñas de radio de emisoras de ámbito provincial ofertadas	
75	<input type="checkbox"/>
80	<input type="checkbox"/>
90	<input type="checkbox"/>
100	X

Nota importante: Sinalar cunha X só unha das posibles opcións para cada un dos elementos de promoción.

3.- Antigüidade media dos autobuses e outros medios de locomoción propostos para a execución do programa.

Antigüidade media inferior a 3 anos	X
Antigüidade media de 3 anos e inferior a 4 anos	<input type="checkbox"/>
Antigüidade media de 4 anos e inferior a 5 anos	<input type="checkbox"/>

Nota importante: Sinalar cunha X só una das tres opcións.

A antigüidade media calcularase como a media aritmética dos anos de antigüidade de todos os autobuses e outros medios de locomoción propostos na data de finalización do prazo de presentación de ofertas.

4.- Oferta dunha póliza de asistencia en viaxe para as persoas asistentes ao programa.

A empresa oferta unha póliza de asistencia en viaxe para as persoas asistentes ao programa coas seguintes coberturas mínimas: <ul style="list-style-type: none"> - Gastos médicos ou cirúrxicos por enfermidade ou accidente. Sen límite en centros concertados da aseguradora, cun límite de 1.800 € en centros de libre elección. - Gastos odontolóxicos e urxencia: Mínimo 30 €. - Transporte sanitario de persoas feridas e enfermas: engadido - Desprazamentos de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días. - Aloxamento de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días - Servizo 24 horas: engadido - Traslado da asegurada falecida: engadido. - Prestación en caso de falecemento e incapacidade permanente derivada de accidente: capital mínimo: 1.500.000 € 	X
A empresa non oferta unha póliza coas coberturas mínimas indicadas	<input type="checkbox"/>

Nota importante: Sinalar cun X a opción elixida.



5.- Oferta de tratamentos complementarios de balde.

A empresa oferta UN tratamento complementario de balde	<input type="checkbox"/>
A empresa oferta DOUS tratamentos complementarios de balde	<input checked="" type="checkbox"/>

Nota importante: Sinalar cunha X só una das dúas opcións.

Lote nº2.- Programa con pernoita

1.- PREZO unitario ofertado por persoa participante no Programa de pernoita para cada un dos 5 establecementos e categoría dos establecementos:

NOME DO ESTABLECEMENTO		Categoría do establecemento	PREZO UNITARIO POR PERSOA
1	Gran Hotel Talaso de Sanxenxo	4 ****	370 €
2	Hotel Carlos I Silgar	4 ****	365 €
3	Hotel SPA Norat Torre do Deza	4 ****	325 €
4	Hotel SPA Galatea	4 ****	315 €
5	Hotel Nuevo Astur	3***	280 €

Nota importante: a empresa deberá ofertar 5 establecementos (dos que solo dous poderán ser de 5*). O prezo unitario ofertado por cada establecemento non poderá superar o importe de 486,58 €.

2.- Promoción e difusión do programa:

Trípticos Informativos ofertados	Sinalar cun X
1.750	
2000	<input checked="" type="checkbox"/>
Anuncios prensa de ámbito provincial ofertados	
6	
8	
10	<input checked="" type="checkbox"/>
Cuñas de radio en emisoras de ámbito provincial	
75	
80	
90	
100	<input checked="" type="checkbox"/>

Nota importante: Sinalar cunha X só una das dúas opción

3.-Antigüidade media dos autobuses propostos para a execución do programa.

Antigüidade media inferior a 3 anos	<input checked="" type="checkbox"/>
Antigüidade media de 3 anos e inferior a 4 anos	<input type="checkbox"/>
Antigüidade media de 4 anos e inferior a 5 anos	<input type="checkbox"/>

Nota importante: Sinalar cunha X só una das tres opcións.



A antigüidade media calcularase como a media aritmética dos anos de antigüidade de todos os autobuses e outros medios de locomoción propostos na data de finalización do prazo de presentación de ofertas.

4.-

A empresa oferta a realización de TRES actividades complementarias	<input type="checkbox"/>
A empresa oferta a realización de CATRO actividades complementarias	<input type="checkbox"/>
A empresa oferta a realización de CINCO actividades complementarias	X

Actividades complementarias no programa de pernoita a maiores das dúas esixidas:

Nota: Sinalar cunha X só una das tres opción

5.-Oferta de tratamentos de balde a maiores dos mínimos esixidos:

A empresa oferta a realización de UN tratamento complementario de balde	<input type="checkbox"/>
A empresa oferta a realización de DOUS tratamentos complementarios de balde	<input type="checkbox"/>
A empresa oferta a realización de TRES tratamentos complementarios de balde	X

Nota: Sinalar cunha X só una das tres opcións

6.- Aumento do número de guías oficiais por quenda e establecemento respecto do mínimo esixido.

	SI	NON
A empresa oferta 2 guías por quenda e establecemento	X	

Nota: Sinalar cun X a opción elixida

7.- Oferta dunha póliza de asistencia en viaxe para a persoas asistentes ao programa:

A empresa oferta unha póliza de asistencia en viaxe para as persoas asistentes ao programa coas seguintes coberturas mínimas: - Gastos médicos ou cirúrxicos por enfermidade ou accidente. Sen límite en centros concertados da aseguradora, cun límite de 1.800 € en centros de libre elección. - Gastos odontolóxicos e urxencia: Mínimo 30 €. - Transporte sanitario de persoas feridas e enfermas: engadido - Desprazamentos de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días. - Aloxamento de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días - Servizo 24 horas: engadido - Traslado da asegurada falecida: engadido. - Prestación en caso de falecemento e incapacidade permanente derivada de accidente: capital mínimo: 1.500.000 €.	X
A empresa NON oferta unha póliza coas coberturas mínimas indicadas	<input type="checkbox"/>

Nota importante: Sinalar cunha X só una das dúas opcións.



VIAJES EL CORTE INGLES SA
Lote nº2.- Programa con pernoita

1.- PREZO unitario ofertado por persoa participante no Programa de pernoita para cada un dos 5 establecementos e categoría dos establecementos:

NOME DO ESTABLECEMENTO		Categoría do establecemento	PREZO UNITARIO POR PERSOA
1	Hotel SPA Galatea	4 ****	368 €
2	Hotel Nuevo Astur	3***	375 €
3	Hotel Termas de Cuntis	4****	405 €
4	Hotel Carlos I Silgar	4****	420 €
5	Gran Talaso Hotel Sanxenxo	4****	430 €

Nota importante: a empresa deberá ofertar 5 establecementos (dos que solo dous poderán ser de 5). O prezo unitario ofertado por cada establecemento non poderá superar o importe de 486,58 €.*

2.- Promoción e difusión do programa:

Trípticos Informativos ofertados	Sinalar cun X
1.750	
2000	X
Anuncios prensa de ámbito provincial ofertados	
6	
8	
10	X
Cuñas de radio en emisoras de ámbito provincial	
75	
80	
90	
100	X

Nota importante: Sinalar cunha X só una das dúas opción

3.- Antigüidade media dos autobuses propostos para a execución do programa.

Antigüidade media inferior a 3 anos	X
Antigüidade media de 3 anos e inferior a 4 anos	<input type="checkbox"/>
Antigüidade media de 4 anos e inferior a 5 anos	<input type="checkbox"/>

Nota importante: Sinalar cunha X só una das tres opcións.

A antigüidade media calcularase como a media aritmética dos anos de antigüidade de todos os autobuses e outros medios de locomoción propostos na data de finalización do prazo de presentación de ofertas.



4.- Actividades complementarias no programa de pernoita a maiores das dúas esixidas:

A empresa oferta a realización de TRES actividades complementarias	<input type="checkbox"/>
A empresa oferta a realización de CATRO actividades complementarias	<input type="checkbox"/>
A empresa oferta a realización de CINCO actividades complementarias	<input type="checkbox"/>
<i>Nota: Sinalar cunha X só una das tres opcións</i>	

5.-Oferta de tratamentos de balde a maiores dos mínimos esixidos:

A empresa oferta a realización de UN tratamento complementario de balde	<input type="checkbox"/>
A empresa oferta a realización de DOUS tratamentos complementarios de balde	<input type="checkbox"/>
A empresa oferta a realización de TRES tratamentos complementarios de balde	<input type="checkbox"/>

Nota: Sinalar cunha X só una das tres opcións

6.- Aumento do número de guías oficiais por quenda e establecemento respecto do mínimo esixido.

	SI	NON
A empresa oferta 2 guías por quenda e establecemento	X	

Nota: Sinalar cun X a opción elixida

7.- Oferta dunha póliza de asistencia en viaxe para a persoas asistentes ao programa:

A empresa oferta unha póliza de asistencia en viaxe para as persoas asistentes ao programa coas seguintes coberturas mínimas: - Gastos médicos ou cirúrxicos por enfermidade ou accidente. Sen límite en centros concertados da aseguradora, cun límite de 1.800 € en centros de libre elección. - Gastos odontolóxicos e urxencia: Mínimo 30 €. - Transporte sanitario de persoas feridas e enfermas: engadido - Desprazamentos de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días. - Aloxamento de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días - Servizo 24 horas: engadido - Traslado da asegurada falecida: engadido. - Prestación en caso de falecemento e incapacidade permanente derivada de accidente: capital mínimo: 1.500.000 €.	X
A empresa NON oferta unha póliza coas coberturas mínimas indicadas	<input type="checkbox"/>

Nota importante: Sinalar cunha X só una das dúas opcións.



Feitas as valoracións de acordo cos criterios establecidos nos pregos, a oferta presentada por Halcón Viajes no lote nº 1 Programa de asistencia diaria, atópase en baixa temeraria no prezo ofertado.

A empresa Halcón Viajes achega a xustificación en data 6/03/2023 (REXWEB 2023014546), e a Xefa do Servizo de Cohesión Social a informa en data 6/03/2023 co csv TF899M15MBL73179.

As puntuacións obtidas polas empresas no sobre C “criterios automáticos” son as seguintes

Lote 1		
	Viajes El Corte Inglés SA	Halcón Viajes SA
Prezo ofertado (max 40)	EXCLUIDA	40
Promoción e difusión (max 10)		10
Establecementos de 3* o mais		7,5
Tratamentos complementarios de balde		10
Antigüidade autobuses		5
Póliza viaxes		5
Total puntuación		
Lote 2		
	Viajes El Corte Inglés SA	Halcón Viajes SA
Prezo ofertado	22,446	40
Actividades complementarias	0	0
Tratamentos de balde	5	15
Oferta establecementos 3* o mas	7	7
Antigüidade autobús	5	5
Promoción e difusión	5	5
Aumento nº guías	5	5
Póliza	5	5
Total puntuacións	54,446	82



A puntuación total do sobre B máis o sobre C é a seguinte:

Lote n 1	HALCON VIAJES	EL CORTE INGLES
Sobre B	19	EXCLUIDA
Sobre C	77,5	
Total	96,5	

Lote n 2	HALCON VIAJES	EL CORTE INGLES
Sobre C	82	54,446

En dita reunión a Mesa de Contratación acordó, aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada por Halcón Viajes S.A. en canto ao prezo ofertado no lote nº 1 Programa de asistencia diaria, de acordo co informe da Xefa do Servizo de Conhesión Social (csv TF899M15MBL73179); aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas ao procedemento, de acordo co seguinte:

Clasificación	Lote nº 1 Programa diario	Sobre B	Sobre C	TOTAL
1ª	HALCON VIAJES S.A.	19	77,5	96,5

Clasificación	Lote nº 2 Programa con pernoita	Sobre C	TOTAL
1ª	HALCON VIAJES S.A.	82	82
2ª	VIAJES EL CORTE INGLES	54,44	54,44

Por Resolución Presidencial nº 2023002117 de data 15/03/2023, requírese á empresa VIAJES HALCÓN S.A.U. (proposta para a adxudicación dos lotes nº 1 e nº 2) para que acheguen a documentación establecida no artigo 150.2 da LCSP.

Viajes Halcón SAU presenta a documentación requirida (REX_WEB2023019995 de data 22/03/2023) , entre a que se atopa a constitución da garantía definitiva por importe no lote nº 1 de 12.857,00€ que figura depositada na Caixa da Deputación co número de carta de pago nº 202300064103, e no lote nº 2 por importe de 60.822,50 € co número de carta de pago 202300064102

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro: Excluir á empresa VIAJES EL CORTE INGLÉS, do lote nº 1 Programa de asistencia diaria, por incluír na documentación que se presente no sobre B datos que permitan intuír a proposta presentada nos criterios avaliábeis de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento, de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.



Segundo.- Adxudicar mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada , do *Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPOTERMAL 2023, o lote nº 1 Programa de asistencia diaria á empresa e lote nº 2 Programa con pernoita á empresa Viajes Halcón S.A.U (A-10005510) e de acordo co seguinte detalle:*

- Lote nº 1 Programa de asistencia diaria á empresa Viajes Halcón S.A.U (A-10005510)

1.- PREZO unitario ofertado por persoa participante no Programa de asistencia diaria, para cada un dos 5 establecementos ofertados e categoría dos establecementos:

NOME DO ESTABLECEMENTO		Categoría do establecemento	Prezo unitario por persoa
1	Palacio del Agua Mondariz	4****	180 €
2	Termas de Cuntis	4****	180 €
3	SPA Bienestar Moaña	4****	150€
4	SPA Galatea	4****	130 €
5	SPA Via Argentum	4****	125 €

2.- Promoción e difusión do programa:

Trípticos Informativos ofertados	1000
Anuncios prensa de ámbito provincial ofertados	10
Cuñas de radio de emisoras de ámbito provincial ofertadas	100

3.-Antigüidade media dos autobuses e outros medios de locomoción propostos para a execución do programa.

Antigüidade media inferior a 3 anos	X
-------------------------------------	---

4.- Oferta dunha póliza de asistencia en viaxe para as persoas asistentes ao programa.

<p>A empresa oferta unha póliza de asistencia en viaxe para as persoas asistentes ao programa coas seguintes coberturas mínimas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Gastos médicos ou cirúrxicos por enfermidade ou accidente. Sen límite en centros concertados da aseguradora, cun límite de 1.800 € en centros de libre elección. - Gastos odontolóxicos e urxencia: Mínimo 30 €. - Transporte sanitario de persoas feridas e enfermas: engadido - Desprazamentos de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días. - Aloxamento de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días - Servizo 24 horas: engadido - Traslado da asegurada falecida: engadido. - Prestación en caso de falecemento e incapacidade permanente derivada de accidente: capital mínimo: 1.500.000 €. 	X
---	---



5.- Oferta de tratamentos complementarios de balde.

A empresa oferta DOUS tratamentos complementarios de balde	X
--	----------

Lote nº2.- Programa con pernoita

1.- PREZO unitario ofertado por persoa participante no Programa de pernoita para cada un dos 5 establecementos e categoría dos establecementos:

Nome do establecemento		Categoría do establecemento	Prezo unitario por persoa
1	Gran Hotel Talaso de Sanxenxo	4 ****	370 €
2	Hotel Carlos I Silgar	4 ****	365 €
3	Hotel SPA Norat Torre do Deza	4 ****	325 €
4	Hotel SPA Galatea	4 ****	315 €
5	Hotel Nuevo Astur	3***	280 €

2.- Promoción e difusión do programa:

Trípticos Informativos ofertados	2000
Anuncios prensa de ámbito provincial ofertados	10
Cuñas de radio en emisoras de ámbito provincial	100

 3.- Antigüidade media dos autobuses propostos para a execución do programa.

Antigüidade media inferior a 3 anos	X
-------------------------------------	----------

 4.- Actividades complementarias no programa de pernoita a maiores das dúas esixidas:

A empresa oferta a realización de CINCO actividades complementarias	X
---	----------

 5.- Oferta de tratamentos de balde a maiores dos mínimos esixidos:

A empresa oferta a realización de TRES tratamentos complementarios de balde	X
---	----------

 6.- Aumento do número de guías oficiais por quenda e establecemento respecto do mínimo esixido.

	<u>SI</u>
A empresa oferta 2 guías por quenda e establecemento	X



7.- Oferta dunha póliza de asistencia en viaxe para a persoas asistentes ao programa:

<p>A empresa oferta unha póliza de asistencia en viaxe para as persoas asistentes ao programa coas seguintes coberturas mínimas:</p> <ul style="list-style-type: none">- Gastos médicos ou cirúrxicos por enfermidade ou accidente. Sen límite en centros concertados da aseguradora, cun límite de 1.800 € en centros de libre elección.- Gastos odontolóxicos e urxencia: Mínimo 30 €.- Transporte sanitario de persoas feridas e enfermas: engadido- Desprazamentos de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.- Aloxamento de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días- Servizo 24 horas: engadido- Traslado da asegurada falecida: engadido.- Prestación en caso de falecemento e incapacidade permanente derivada de accidente: capital mínimo: 1.500.000 €.	X
--	---

Terceiro: Autorizar o compromiso e a disposición do gasto que financia a Deputación por importe total de 185.470,80 €, con cargo a aplicación orzamentaria 2023/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial e de acordo co seguinte detalle:

- Lote nº 1 Modalidade de asistencia diaria: 137.981,08 €
- Lote nº 2: Modalidade con pernoita: 47.489,72 €

O prazo de execución do programa desenvolverase desde a data de formalización do contrato ata o 31 de decembro de 2023. Estabécese a posibilidade de prórroga.

Forma de pagamento:

O pago do prezo realizarase unha vez presentada a factura nos primeiros 15 días do mes seguinte á realización da actividade, salvo autorización expresa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

A factura irá acompañada da seguinte documentación:

- Orixinais das transferencias bancarias nas que conste o nome das persoas participantes, a cantidade aboada, a data, o establecemento de destino segundo o caso.
- Documento de información da saída cuberto polo responsable do programa da empresa.
- Fotografías de grupo que inclúan as saídas e as actividades dentro do establecemento como mínimo.
- Fotografía do autocar ou autocares empregados.
- Ficha técnica dos autocares utilizados na estadía (tamén deberán entregarse previamente por vía telemática antes da saída)
- Documento que acredite a entrega do material aos participantes
- Informe sobre as actividades realizadas en cada establecemento e excursións.
- Informe sobre incidencias e medidas correctoras adoptadas



As facturas serán pagadas unha vez emitido o correspondente informe favorable ou de conformidade do responsable da unidade administrativa que reciba ou supervise o traballo, ou no seu caso, do designado polo órgano de contratación como responsable deste, expedida de acordo a normativa vixente.

Cada factura será detallada identificando o número de expediente, o obxecto do contrato, o período de facturación, o importe facturado e a entidade local.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2022060754	
Órgano xestor:	LA8004	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

17.32512.- ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 3303 TABAGÓN-GOLÁN, DENDE O P.Q. 1+795 ATA O P.Q. 3+600. TREITO II (O ROSAL)” (Expte.2022047518)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada E.P. 3303 Tabagón-Goián dende o p.q. 1+795 ata o p.q. 3+600. Treito II, que descorre polo *Concello de O Rosal* e que ten unha lonxitude de 4.542 m.

Resultando.- Que o treito que se atopa entre o P.Q. 1+795 e o P.Q. 3+600 está construído con características vinculadas ao uso de vehículos, imposibilitando que, en moitos puntos, o uso peonil se poida realizar con plenas condicións de seguridade.



Resultando.- Que por este motivo a Deputación de Pontevedra elaborou o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón- Goián dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello de O Rosal)*” co cal se pretende mellorar a comunicación entre os núcleos rurais de Tabagón e das Eiras e ata Goián dando continuidade o treito I, actualmente en execución, contribuíndo a fomentar a vida rural e mellorando as súas posibilidades de comunicación dun xeito sostible, potenciando o uso da bicicleta como alternativa aos automóviles privados.

Resultando.- Que con data 12 de xullo de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de O Rosal, convenio de colaboración par a execución do “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)*”, por importe de 795.872,12 €

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de O Rosal* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	636.697,70 €	80
Concello O Rosal	159.174,42 €	20%
TOTAL INVESTIMENTO	795.872,12 €	100%

Resultando.- Que tamén recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que n a súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro adscrito á empresa NOVOTEC, D. Oscar Catoira Daquinta, o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)*” cun orzamento base de licitación de 795.872,12 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) XVRAXY5370QZJWOC.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os documentos RC número. 202300005232 por importe de 636.697,70 euros e RC número 202300003016 por importe de 159.174,42 con cargo ás aplicacións orzamentaria 23/456.4530.612.02.2021 e 23/4556.4530.612.02.2022, para facer fronte a este gasto.



Resultando. Que na providencia de inicio do expediente recóllese no apartado referente á xustificación de prezos o seguinte: “...Segundo se recolle no anexo de xustificación de prezos do proxecto o orzamento base de licitación axústase a prezos de mercado cumpríndose co disposto nos artigos 100.2 e 101.7 da LCSP...”

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 09/12/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón- Goián dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello de O Rosal)”, redactado polo enxeñeiro adscrito á empresa NOVOTEC, D. Oscar Catoira Daquinta, cun orzamento base de licitación de 795.872,12 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) XVRAXY5370QZJWOC.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que así mesmo consta no expediente autorización da dirección xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 03/02/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón - Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 9 de febreiro de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 02/03/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.

Resultando.- Que a Mesa acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que con data 06/03/2023 o enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, emitiu informe de valoración dos criterios de avaliación mediante xuízos de valor, das ofertas presentadas polas empresas que participan neste procedemento, obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	3,00	25,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 09/03/2023 en base ó informe do enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola de data 06/03/2023, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación desta obra.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliada mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asignable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	611.374,49 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	651.168,10 €	3%	36 MESES	SI	SI



Resultando.- Que en virtude das condicións establecidas no PCAP, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 09/03/2023 procedeu á valoración das ofertas económicas, das empresas que foron admitidas neste procedemento, sendo estas as seguintes:

LICITADORES	Sobre"B"				Puntuación Sobre "B"
	Valoración Económica	Prazo De Garantía	Control Calidade	Un-En Iso 9001/14001	
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	23,50	5,00	5,00	5,00	38,50
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	3,54	5,00	5,00	5,00	18,54

Resultando.- Que na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	Licitadores	Puntuación sobre "a"	Puntuación sobre "b"	Puntuación total
1	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	19,00	38,50	57,50
2	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	25,00	18,54	43,54

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)" á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. (CIF B36239861)



Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 421) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 30.568,72 euros segundo queda acreditado en carta de pago de data 202300062468.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: *“...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”*

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A. o Lote 3 do *“Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”*.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de inicio de expediente, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A. para a adxudicación do Contrato derivado lote 3 AM seguridade e saúde na obra *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello do Rosal)”* por un importe estimado de 7.184,50 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención (CSV) OD44310O47WQEZ3B, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 dentro do proxecto de gasto código nº2022001426, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202200258308.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. (CIF B36239861), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " *Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)* ", por un importe de 545.362,31 euros IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	611.374,49 €
IVE (21%)	128.388,64 €
Importe Total.....	739.763,13 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

2. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.

O prazo de execución será de dez (10) meses, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución. Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/456.4530.612.02.2021, 23/45.4530.612.02.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022047518.



3. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A. (CIF A82876905) o Contrato derivado lote 3 AM seguridade e saúde na obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goñán, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello do Rosal)” (Expte 2022070884), por un importe de 7.184,50 € de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	5.937,60 €
IVE (21%).....	1.246,90 €
Importe Total.....	7.184,50 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias que financian o contrato de obras correspondente.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022070884.

18.32513.- AUTORIZACIÓN DE QUE OS SERVIZOS QUE SE PRESTAN NA OFICINA CENTRO EXPOSALNÉS EN CAMBADOS DENTRO CONTRATO (EXPTE.2021041034), COA EMPRESA KPMG ASESORES SL (B-82.498.650) SE ENGLOBALEN DENTRO DO PROXECTO ACELERA PYME RURAL (Expte.2021041034)

Na sesión do 28 de xaneiro de 2022, a Xunta de Goberno adxudicou o contrato do servizo de evolución e xestión da Rede Smartpeme de Pontevedra á empresa KPMG ASESORES, S.L. (CIF B-82.498.650) polo importe total ofertado de 1.326.718,02 euros.

O contrato de formalizo en documento administrativo, de data 21 de febreiro de 2022, e o prazo de duración estableceuse en 12 meses desde esa data, con posibilidade dunha prórroga de 12 meses de duración.

A Xunta de Goberno, en sesión 13 de xaneiro de 2023, aprobou a prórroga do contrato durante o período 21 de febreiro de 2023 ata o 20 de febreiro de 2024.



O Xefe de servizo de Novas Tecnoloxías, con data 17 de marzo de 2023, mediante escrito CSV:0A5CSAI4HTC55D3L, informa que no marco desta estratexia, o Goberno de España presentou o 27 de xaneiro de 2021 o “Plan de Dixitalización de Pemes 2021-2025” co que se pretende impulsar as reformas e transformacións necesarias para avanzar no proceso de dixitalización de España.

A cuarta medida do eixo de actuación “Dixitalización básica para as Pemes”, inclúe a creación dunha Rede de Oficinas Acelerapyme que presten asesoramento a pemes e axuden ao fomento da demanda tecnolóxica. O 30 de agosto de 2022 Red.es resolveu a concesión da subvención á Deputación de Pontevedra, cuxo importe subvencionable ascendeu a un 80% do importe total do proxecto.

O 8 de febreiro de 2023, Red.es autorizou a solicitude de subcontratación dos servizos asociados á oficina de Cambados, que actualmente veñen prestando pola entidade KPMG Asesores S.L., no ámbito do contrato Smart Peme.

A efectos de cumprir coas obrigacións de comunicación e difusión esixidas pola normativa reguladora da subvención "Acelera Pyme Rural" e facilitar a xustificación da mesma, terase que realizar unha facturación independente polos servizos realizados na oficina de Cambados.

A empresa KPMG Asesores, S.L. mediante escrito, de data 21 de marzo de 2023, con CSV: S346AMSFZ03YEM94, mostran a súa conformidade á variación proposta e afirman que non aprecian necesidade de interpoñer ningunha alegación o respecto.

Visto o informe do xefe de servizo de contratación, de data 28/03/2023 con CSV: W6P35LQQWQTHJZEX, co conforme de Secretaría e Intervención, no que se conclúe que *“Á vista do manifestado polo informe do Xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, analizados os pregos non se pode afirmar que esteamos ante unha variación dos termos e condicións do contrato que conleve a unha modificación do contrato. Pódese entender como un pacto ou acordo das partes, para facturar de forma independente os asesoramentos prestados na oficina de Cambados co obxectivo de cumprir cos requisitos do proxecto Acelera Peme; consecuencia da concesión dunha subvención non prevista unha vez formalizado o contrato. A Xunta de goberno, como órgano de contratación, deberá autorizar este cambio na facturación...”*

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.-Autorizar que os servizos que se prestan na oficina *Centro Exposalnés en Cambados* do contrato, con nº expediente 2021041034, coa empresa KPMG Asesores SL (CIF B-82.498.650) englobense dentro do proxecto Acelera Pyme Rural.
- 2.-Deberase asegurar o cumprimento das condicións de comunicación e difusión establecidas na convocatoria 2021 para a creación da rede de oficinas Acelera Pyme para contornas rurais.



3.-Realizar unha facturación mensual independente polos servizos realizados nesta oficina por un importe sen Iva, de 6.109,89 €/mes; sendo o importe total de 7.392,97 €/mes.

O contrato financiarase con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias 23/926.9260.227.06 y 24/926.9260.227.06.

Os gastos que se deriven do presente contrato correspondentes a anualidade 2024 quedarán condicionados a aprobación do orzamento do ano 2024 e a existencia de crédito axeitado e suficiente nas referidas aplicacións orzamentarias.

O pagamento do contrato efectuarase de conformidade cos fitos de facturación indicados na cláusula 5 d) do prego de cláusulas económico-administrativas.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021041034	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

19.32514.- VALIDACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DA EXECUCIÓN DA OBRA “REPARACIÓN NA CIMENTACIÓN CO MURO DE CONTENCIÓN NA EP 9702 AS SINAS – VILANOVA, ENTRE O PQ 2+900 E O PQ 3+000 (CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA)”, E A APROBACIÓNS DA CERTIFICACIÓN NÚM. 3 (Expte. 2022022000)

Resultando.- Que Resolución Presidencial nº 20220006739 de data 22/09/2022 adxudicouse a obra “Reparación na cimentación do muro de contención na EP 9702 AS Sinas, Vilanova entre o pq 2+900 eo pq 3+000, Vilanova de Arousa”, á empresa MONCOSA OHS S.A. (NIF A-15050958) por un importe total de 131.285,38, € e un prazo de execución de 3 meses a contar desde a data da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

A formalización do contrato realizouse en data 5/10/2022, dando comezo o prazo de 1 mes para asinar a correspondente acta de comprobación do replanteo.



Resultando.- En data 4/11/2022, asíñase a acta de comprobación de replanteo *que determina a data de inicio da obra.*”

Resultando.- Que con data 21/12/2022 asíñase entre o contratista e o director de obra, acta de paralización das obras xustificando o motivo da suspensión en “interferencias coa campaña de marisqueo de nada”. Desaparecidas as causas que motivaron a suspensión, asíñouse por ámbalas partes acta de reinicio de obras con data 24/01/2023.

Resultando.- Que en relación coa fiscalización da certificación nº1-final, emitiu informe a Intervención en data 1/03/2023, recolle a seguinte observación:

“Se ben consta no expediente unha acta de paralización das obras, non consta a aprobación do inicio de suspensión de execución do contrato.

CONCLUSIÓN

Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación, ou n o seu caso, se concorren os requisitos legalmente esixidos, acordar a validación da suspensión.

Considerando.- O disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: “1. *A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poida afectar ó cumprimento do contrato. 2. Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos no artigo anterior. Caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, tivera feito outras observacións que podan afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, dedicará iniciar ou suspender o comezo da obra, debendo xustificalo na propia acta.*”

Considerando.- Que segundo recolle a base 17ª de execución do actual presuposto, en referencia ó recoñecemento e liquidación da obriga, no suposto de que no proceso de fiscalización se detecte unha certificación non cumpra algún dos requisitos esenciais esixibles, e os requisitos incumpridos non implican a nulidade radical da obriga, validaraos a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Validar a suspensión da obra “Reparación na cimentación do muro de contención na EP 9702 AS Sinas, Vilanova entre o pq 2+900 eo pq 3+000, Vilanova de Arousa”, recollida na acta de paralización asinada polo contratista e o director de obra na data 21/12/2022, por interferencias na campaña de marisqueo.
2. Validar o reinicio da execución da obra “Reparación na cimentación do muro de contención na EP 9702 AS Sinas, Vilanova entre o pq 2+900 eo pq 3+000, Vilanova de Arousa” recollida na acta de reinicio, de data 24/01/2023, unha vez solventadas as causas que deron lugar á suspensión.



3. Aprobar a certificación nº 3 da citada obra, autorizar o compromiso do gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse os seus importes con cargo a aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA: MONCOSA OHS S.A.	Aplicación orzamentaria	Importe
(NIF A-15050958)	23/456.4530.612.02.2022	19.053,35€
SUBTOTAL		19.053,35€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	529,30€
Control de calidade (3% PEM Lic)		426,85€
Total descontos	Id.	956,15€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		18.097,20€

20.32515.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA REDINOR, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte.2018020908) (Devogaran 2023016542)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 11 de outubro de 2018 (CSV.-S9IFDF414EBDYEMV), adxudicouse o contrato relativo a “Subministración de material de oficina na Deputación de Pontevedra” (Núm. Exp. 2018020908).

Para responder da realización deste contrato, a empresa REDINOR SL (B36127405), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.272,73 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201800174739, de data 08/10/2018.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que “*finalizado o contrato referido e transcurrido o prazo legalmente establecido da garantía esixida (...) procede a devolución da mesma*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa REDINOR SL, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcurrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “Subministración de material de oficina na Deputación de Pontevedra” (Núm. Expte. 2018020908), sen que existan obrigas pendentes.



SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 2.272,73 euros, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 08/10/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800174739.

21.32516.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2023022351 que contén 26 facturas e por un importe de 75.347,39€ e con CSV: 7AE2YBSTVD5MA7K5, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 23/03/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	75.041,92 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	305,47 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	75.347,39 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

22.32517.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2023022347, que contén 3 facturas e por un importe de 11.700,64 € e con CSV: 7PT0XLC1OA6WWTPC, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 23/03/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	11.700,64 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	11.700,64 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobación recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



23.32518.- SUBSTITUCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 15/07/2022 (Nº9.31965), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTECESURES, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023- LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACTUACIÓN EN DIVERSAS RÚAS E VÍAS EN PONTECESURES” (Expte. 2022011537)

ANTECEDENTES

- Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- En data 15/07/2022, mediante Acordo nº 9.31965 da Xunta de Goberno provincial concedeuse ao Concello de Pontecesures, polo procedemento de concorrencia non competitiva, a subvención polo importe que se reflicte na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	96.284,73 €	96.284,73€	-----

- A concesión da subvención se fixo condicionada á obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura, Educación e Universidade e de ADIF. Que malia que a Dirección Xeral de Patrimonio concedeulle ó Concello de Pontecesures a autorización da Obra, condicionouno a que nun tramo do proxecto se faga un cambio de pavimento , polo que se presenta unha addenda na que se indica o cambio de formigón.
- Mediante rexistros WEB2023012283 de data 27/02/2023, o Concello manifesta que se ve abocado a reformular o proxecto orixinal ao seguir os condicionantes da Dirección Xeral de Patrimonio. Emporiso se presenta un novo proxecto técnico que substitúe o que rexeu no seu momento a concesión, xa aprobado polo órgano municipal competente.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Facultativo técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios de data 02/03/2023.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16^a do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do Facultativo técnico de Cooperación, de data 02/03/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 02/03/2023 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial, de data 23/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm 2022011537, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 9.31965, do día 15/07/2022 polo que se concede ao *Concello de Pontecesures*, CIF: P3604400F, a cantidade de 96.284,73 euros cun orzamento polo mesmo importe, que abrangue 94.060,32 euros de execución de obra, 2.224,41 euros de honorarios por redacción de proxecto, con destino ao financiamento do investimento “*Actuacións en diversas rúas e vías en Pontecesures*”.
- O novo proxecto presentado non altera o orzamento orixinal, nin a subvención outorgada, non altera o obxecto nin a finalidade do investimento e co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.
- O resto do acordo da xunta de goberno núm. 9.31965, do día 15/07/2022, permanecerá invariable. A subvención estaba condicionada á resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e de ADIF. O Concello vese obrigado a reformular o proxecto orixinal ao seguir os condicionantes da Dirección Xeral de Patrimonio, que lle concedeu a autorización da obra pero condicións. Emporiso se presenta unha addenda para a súa aprobación e para así dar cumprimento aos condicionantes da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontecesures*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



24.32519.- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DE MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNES NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNES OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNES DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MEIS, MEAÑO E VILANOVA DE AROUSA”.
(Expte.2020043392)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“Advertido un erro material en relación ó acordo da Xunta de Goberno do día 10 de marzo de 2023, punto núm. 47.32425, sobre a modificación do prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”, emito o seguinte informe:

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2023, adoptou entre outros, o acordo número 47.32425 “Modificación do prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de iluminación exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”.

Segundo.- En concreto, o acordo adoptado refírese a solicitar ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a modificación do prazo máximo dun (1) ano desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda, na que o beneficiario debe acreditar a formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda regulado no artigo 13.8.b do Real decreto 616/2017, do 16 de xuño, modificado polo Real decreto 316/2019, do 26 de abril, en tres (3) meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 22 de xullo de 2023.

Terceiro.- En data 20/03/2023 e co número 202300010157 rexístrase no IDAE a documentación relativa á modificación do prazo de acreditación da formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de iluminación exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”

Cuarto.- Non obstante, comprobouse a existencia dun erro material no citado acordo, en canto á data de ampliación solicitada. Concretamente, debe corrixirse o erro padecido no texto do acordo de concesión, de xeito que a duración correcta da ampliación solicitada debe ser a seguinte: en mes e medio (1,5) meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 7 de xuño de 2023.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

CONCLUSIÓNS:

Comprobouse que efectivamente se produciu un erro material na solicitude nos termos descritos anteriormente, polo que se estima pertinente corrixir o acordo para adaptalo á petición da Deputación de Pontevedra.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a corrección de erros do acordo da Xunta de Goberno do día 10/03/2023, punto número 47.32425, no referente á modificación do prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”, de maneira que

ONDE DI:

“en tres (3) meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 22 de xullo de 2023”.

DEBE DICIR:

“en mes e medio (1,5) meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 7 de xuño de 2023”.

O resto do texto permanecerá invariable.

*Pontevedra, na data da sinatura dixital
A xefa do Servizo de Cooperación,
Asdo.: Marina Piñeiro Novo”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 22/03/2023, e da Intervención Provincial de data 07/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Corrixir o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno do 10 de marzo de 2022, punto número 47.32425, no referente á data de ampliación solicitada, que queda como segue:

ONDE DI:

“en tres (3) meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 22 de xullo de 2023”.



DEBE DICIR:

“en mes e medio (1,5) meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 7 de xuño de 2023”.

- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), á Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia.

25.32520.- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA Ó CONCELLO DE PONTECESURES AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1- INVESTIMENTOS (Expte. 2023006746)

Advertido un erro material de transcripción en relación ó acordo da Xunta de Goberno do día 17 de marzo de 2023, punto núm. 20.32457, sobre a concesión dunha axuda ó Concello de Pontecesures ao abeiro das bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1, emito o seguinte informe:

ANTECEDENTES:

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Segundo.- Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 17 de marzo de 2023, acordo núm. 20.32457, aprobouse a concesión dunha axuda de 158.723,54 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora da mobilidade en San Xulián*”, ó abeiro da Liña 1- (Investimentos), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente Orzamento Provincial.

Terceiro.- No caso do Concello de Pontecesures, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	158.723,54€	158.723,54 €	-----

Cuarto.- Non obstante, comprobouse a existencia dun erro material de transcripción no citado acordo de concesión, en canto no apartado de concesión omitiuse un parágrafo que é o seguinte:

- *“Asemade indicar que o Concello de Pontecesures, deberá posuír autorización sectorial da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención, a aprobación do proxecto e a presentación da acta de trazado previo. Xunto coa primeira xustificación deberase presentar toda a documentación sinalada anteriormente”.*



FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

CONCLUSIÓNS:

Comprobouse que efectivamente se produciu un erro material na transcripción da solicitude do Concello de Pontecesures nos termos descritos anteriormente, polo que se estima pertinente corrixir o acordo.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a corrección de erros do acordo da Xunta de Goberno do 17 de marzo de 2023, acordo núm. 20.32457, no referente á axuda concedida ó Concello de Pontecesures, CIF núm. P3604400F, de maneira que onde di:

CONCEDER ao Concello de PONTECESURES CIF P3604400F a cantidade de 158.723,54 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao investimento “MELLORA DA MOBILIDADE EN SAN XULLAN”, (expediente: 2023006746) cun orzamento polo mesmo importe, distribuída segundo a seguinte táboa:

<i>Annualidade</i>	<i>Orzamento</i>	<i>Subvención</i>	<i>Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas</i>
2023	158.723,54€	158.723,54€	-----

Convén lembrar que o Concello de Pontecesures, deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.

Debe figurar o parágrafo omitido:

CONCEDER ao Concello de PONTECESURES CIF P3604400F a cantidade de 158.723,54 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao investimento “MELLORA DA MOBILIDADE EN SAN XULLAN”, (expediente: 2023006746) cun orzamento polo mesmo importe, distribuída segundo a seguinte táboa:

<i>Annualidade</i>	<i>Orzamento</i>	<i>Subvención</i>	<i>Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas</i>
2023	158.723,54€	158.723,54€	-----

Asemade indicar que o Concello de Pontecesures, deberá posuír autorización sectorial da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención , a aprobación do proxecto e a presentación da acta de trazado previo. Xunto coa primeira xustificación deberase presentar toda a documentación sinalada anteriormente.

O resto do texto permanecerá invariable.



Non obstante, o presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2 c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

En consecuencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Corrixir o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno do 17 de marzo de 2023, punto núm. 20.32457, no referente á axuda concedida ó Concello de Pontecesures, CIF P3604400F, que queda como segue:

“*CONCEDER ao Concello de Pontecesures CIF P3604400F a cantidade de 158.723,54 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao investimento “MELLORA DA MOBILIDADE EN SAN XULLAN”, (expediente: 2023006746) cun orzamento polo mesmo importe, distribuída segundo a seguinte táboa:*

<i>Anualidade</i>	<i>Orzamento</i>	<i>Subvención</i>	<i>Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas</i>
2023	158.723,54€	158.723,54€	-----

Asemade indicar que o Concello de Pontecesures, deberá posuír autorización sectorial da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención , a aprobación do proxecto e a presentación da acta de trazado previo. Xunto coa primeira xustificación deberase presentar toda a documentación sinalada anteriormente.

Darlle traslado do acordo ó Concello de Pontecesures, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

26.32521.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VALGA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS 2023”. (Expte. 2023006044)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



En data 31/01/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Valga na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 252.176,81 euros, con destino ao financiamento “*Pavimentación de estradas municipais 2023*”, cun orzamento por importe de 252.176,81 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	252.176,81	252.176,81	0,00	0,00
TOTAL	252.176,81	252.176,81	0,00	0,00

En datas posteriores o Concello emenda as deficiencias observadas na documentación aportada inicialmente dando resposta así ao requirimento efectuado formalmente por este servizo.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Augas de Galicia, da Deputación Provincial de Pontevedra, do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. O Concello achega as solicitudes de autorización a ditos organismos.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 03/03/2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA: NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.



- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse suscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 03/03/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 06/03/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Valga* CIF P3605600J, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 252.176,81 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentación de estradas municipais 2023*” (Expediente:2023006044) cun orzamento polo importe de 252.176,81 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas Doutras Administracións €	Fondos Propios €
2023	252.176,81	252.176,81	0,00	0,00
TOTAL	252.176,81	252.176,81	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención das autorizacións sectoriais de Augas de Galicia, do servizo de mobilidade da Deputación Provincial de Pontevedra, da unidade de estradas do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e do servizo de patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, sendo imprescindible que as remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Valga deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Valga*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



27.32522.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “ACTIVIDADES CULTURAIS E FESTIVAIS DE VERÁN, MANTEMENTO ALUMEADO PÚBLICO, PAVIMENTACIÓN E MATERIAL DE OBRA” (Expte.2023007048)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) con 9.500.000,00 euros con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00 euros que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con 1.000.000,00 de euros adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.
- Mediante Resolución Presidencial aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial. No caso de non terse producido o pagamento das débedas correspondente, a Deputación de oficio procedera a detraer o importe da débeda do crédito do 2023.
- De acordo coa base reguladora 1ª do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), a Liña 2 está destinada a amortización de débedas con



entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.

- Ante a repercusión que está tendo a incerteza ocasionada pola guerra de Ucraína nas tesourerías municipais, as bases contemplan a posibilidade que de os concellos que o desexen destinen ata o 30% da cantidade asignada na liña 1 (investimentos) para o 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (liña 2)
- En data 01/02/2023, con rexistro núm.WEB2023005398, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (liña 2), petición do Concello de Pontearreas na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 100.222,36 euros, con destino ao financiamento de “*Actividades culturais e festivais de verán, mantemento alumeado público, pavimentación e material de obra*” (Expte.:2023007048), cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	100.222,36 €	100.222,36 €	0,00 €

- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2023 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Actividades musicais de verán Rock in río Tea	19.072,36 €	19.072,36 €
Feira do libro	7.150,00 €	7.150,00 €
Festival Groba	24.000,00 €	24.000,00 €
Suministro asfalto	12.000,00 €	12.000,00 €
Mantemento iluminación	18.000,00 €	18.000,00 €
Material de obra	20.000,00 €	20.000,00 €
TOTAL	100.222,36 €	100.222,36 €

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos e achega a documentación requirida.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (liña 2) 2023, nas que se recolle o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables, así como o prazo e lugar de presentación de solicitudes.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 07/03/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 29/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontearreas*, CIF:P3604200J, a cantidade de 100.222,36 euros, para a realización da actuación “*Actividades culturais e festivos de verán, mantemento alumbeado público, pavimentación e material de obra*” (Expte.:2023007048), cun orzamento polo mesmo importe.



- Autorizar e comprometer o gasto nas aplicacións 2023/942.9425.462.00 e 2023/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2) , aprobadas por acordo núm.5.7876 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 28/10/2022 e publicadas no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022 (disponibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base 6ª do capítulo III das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontearreas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

28.32523.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

29.32524.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

